Ano XXIII nº 52 febreiro 2010

O MONTE

Revista da Asociación Forestal de Galicia

Nova regulación do aproveitamento eólico

A poda forestal

A situación actual da biomasa en Galicia

O mercado da madeira toca fondo

Apúntate ao futuro

Apúntate á

Certificación Forestal Sistema Rexional PEFC

Infórmate na Asociación Forestal de Galicia
Teléfonos: 981 564 011 / 981 569 140
asforgal@lies.es
www.asociacionforestal.org

AFG
Asociación Forestal de Galicia

PEFC
PEFC/14-44-60001

A crise no sector forestal e a industria da madeira

Francisco J. Fernández de Ana Magán
Presidente

EN TEMPO DE CRISE ECONÓMICA políticos e industriais peléxanse por atopar un culpable da situación e manterse eles liberados de pecado; neste sentido estamos escoitando a cotío nos medios de comunicación a opinión das industrias madeireiras galegas, a traveso dos seus voceiros, que consideran que o problema de fondo é o alto prezo da madeira galega polo noso minifundio.

É unha verdade de caixón que para producir madeira con menores custos é preciso ter grandes extensións onde se mecanice o traballo e o volume total da venda tape o rendemento unitario; pero esa mesma razón xa non é tan certa para producir madeiras de alto valor con moi boa calidade, madeiras que representan unha renda para os propietarios e, ás veces un maior valor engadido para o país. Unha hectárea desta madeira pode chegar nas nosas boas condicións a producir entre 300 e 400 m^3 en quendas de 40 anos e cun valor final que pode superar os 60.000 € en pé o que permite manter ao silvicultor unha cativa renda bruta de 1.500 € por hectárea e ano; este sistema de produción dá traballo a moita xente na aplicación dunha silvicultura de calidade e na plusvalía que aporta na súa transformación.

A situación forestal galega non é moi diferente á doutros países europeos onde a propiedade tamén está moi repartida. A diferencia fundamental pode estar na capacidade de organización do sector silvicultor que o faga forte, pero iso non é do gusto da industria e dubidamos que sexa da propia Administración.

A industria da madeira galega desde hai moito tempo viña tendo moi bos resultados, foron donos do sector en España e investiron as súas ganancias obtidas do monte noutros negocios como o do ladrillo ou nas ofertas bancarias, sen investir, en xeral, en I+D nas súas empresas e agora quéixanse da situación. Falan de prezos altos e pagan a madeira de piñeiro de boa calidade a 26 € en cargadoiro. Desprezan as madeiras nosas pero estas mesmas son útiles en Valencia e noutras partes onde as converten en mobles. Non interesan as nosas producións de pequenas partidas de calidade e importamos a prezos altísimos madeira desde EE UU ou Brasil. Temos madeiras moi boas e abondosas como é o eucalipto e non somos quen de situalas no mercado para estruturas, vivenda, moblería, etc. Queren madeira certificada pero non pagan nada polo custo adicional que sofre o produtor.

Por todo isto consideramos que o problema principal da nosa madeira está na miope visión que presenta a industria madeireira que basea o seu poder competitivo, contra os produtos que fan os países en vías de desenvolvemento, coa base de obter madeiras baratas en Europa; poucas destas industrias se sumaron ás novas tecnoloxías e aos programas de I+D; un claro exemplo disto vai desde os serradoiros galegos incapaces de presentar unha madeira estandarizada, pasando por Celulosas de Pontevedra que pecha os seus programas de investigación, ata a industria do moble que non arranca pola súa dimensión e incapacidade de innovación en materiais e deseño.

Estas industrias de cara o monte nunca aguilloaron a boa produción silvícola, non lle interesaba, pero ao mesmo tempo poñen toda a súa forza para que non se empregue a madeira para outros en usos como a enerxía e que hoxe é un segmento moi importante na cadea forestal en países como Austria, Alemaña ou Suecia, tan custosa para a nosa economía; a relación co silvicultor foi sempre cun trato de feirante, tirando e desmerecendo o produto, desmoralizando ao produtor; este negocio caeu en boa medida en mans de moitos intermediarios que facían o agosto diluíndo as ganancias do silvicultor entre eles sen aportar nada, con honrosas excepcións. En xeral non queren prezos claros e sistemas técnicos de medida por que iso vai contra as trampas; o bo para eles é o trato de mal feirante e así non podemos xogar.

Señores industriais, paguen a madeira segundo as súas calidades, sexan serios nas compras e tratos, e os silvicultores faremos o resto porque sabemos e queremos facelo para así dar o noso apoio a unha potente e diversificada industria forestal galega na que mesmo estamos dispostos a participar.

Sumario

5 ENERXÍA EÓLICA

Nova regulación do aproveitamento eólico en Galicia

8 ENTREVISTA

Cruz López González, propietaria forestal en Agolada

12 LEXISLACIÓN

Impacto de servidumbres y ocupaciones en los montes (II)

O gasoduto arrasa os montes

16 SILVICULTURA

A poda, traballo fundamental para a obtención de madeira de calidade

20 TEMPORAL KLAUS

Situación dos montes afectados polo temporal Klaus

23 FISCALIDADE

Transmisiones onerosas de participaciones en una SAT

24 BIOMASA

Plantación mixta madeira-biomasa

A situación actual da biomasa en Galicia

30 PEFC

31 NOTICIAS BREVES

37 AXENDA

40 NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS

41 MADEIRA

Edita: Asociación Forestal de Galicia _ **Consello de redacción**: Francisco J. Fernández de Ana Magán, Celsa Sánchez Vázquez, Francisco Dans del Valle, Mª Cristina Verde Figueiras _ **Equipo de redacción**: Francisco J. Fernández de Ana Magán, Xosé Covelo Míguez, Francisco Dans del Valle, Braulio Molina Martínez, Daniel Rodríguez Cebreiro, Julio Ruiz Cagigal, Celina Veiga Hortas, Mª Cristina Verde Figueiras _ **Coordinación**: Mª Cristina Verde Figueiras _ **Deseño e maquetación**: seteseoito _ **Fotografía de portada**: Braulio Molina Martínez _ **Fotografías**: José Luis Corral Rey, Xosé Covelo Míguez, Francisco Dans del Valle, Enrique García Martínez, Braulio Molina Martínez, Víctor Pose Vila, Julio Ruiz Cagigal, Celina Veiga Hortas e Mª Cristina Verde Figueiras _ **Imprime**: Litonor Artes Gráficas _ **ISSN** 1699-5457 _ **Sede Central**: Rúa do Vilar, nº 33, 1º 15705 Santiago de Compostela Tel.: 981 564 011 Fax: 981 563 379 asforgal@iies.es _ **Oficina en Xinzo-Ponteareas**: Centro Cultural de Xinzo 36891 Ponteareas (Pontevedra) Tel. e fax: 986 660 864 afgxinzo@iies.es _ **Oficina en As Pontes**: Avda. de Ortigueira, nº 49, baixo 15320 As Pontes (A Coruña) Tel. e fax: 981 440 537 afgponts@iies.es

A Asociación Forestal de Galicia é membro fundador da Unión de Silvicultores do Sur de Europa (USSE), da Confederación de Organizaciones de Selvicultores de España (COSE), do Instituto Europeo do Bosque Cultivado (IEBC), da Confederación Europea de Propietarios Forestais (CEPF) e da Asociación para a Certificación da Xestión Forestal Sostible (PEFC-España).

IMPRESO EN PAPEL ECOLÓXICO "PRESCOL" SARRIÓ PAPEL. 90% PASTA DE FIBRA VIRXE DE EUCALIPTO PROCEDENTE DE BOSQUES DE XESTIÓN SOSTIBLE.

Nova regulación do aproveitamento eólico en Galicia

O Parlamento de Galicia tramitou unha nova lei para regular o aproveitamento da enerxía eólica. Esta é a cuarta norma que regula esta actividade nos últimos 14 anos e unha vez máis os propietarios dos terreos afectados foron esquecidos.

José Luis Corral Rey
Propietario forestal e presidente
da Federación Terra Eólica

PARA A ASOCIACIÓN Forestal de Galicia esta febre lexislativa ao redor deste aproveitamento enerxético, supuxo que nos últimos 14 anos tivera que defender ata catro veces (mediante alegacións e observacións aos contidos dos proxectos lexislativos e múltiples reunións cos responsables políticos) os intereses dos propietarios de montes particulares e de comunidades de montes veciñais en man común, que, paradoxalmente, sempre son os grandes esquecidos dos lexisladores da materia, a pesar de ser os donos dos terreos onde se asentan os parques eólicos e as liñas de evacuación. Con maior ou menor éxito, pero sempre co mesmo empeño, de cada vez intentouse que cada un dos decretos e leis aprobados recollese as reivindicacións dos propietarios forestais.

Durante todo este tempo a AFG centrou os seus esforzos en conseguir que os propietarios forestais galegos non se viran excluídos deste novo negocio que se instalaba nos seus terreos, en evitar por todos os medios as expropiacións forzosas e conseguir unha compensación xusta para os propietarios dos terreos afectados.

Orixe da posición de dominio das eléctricas. Ano tras ano os propietarios forestais atópanse coa posición dominante e impositiva das empresas eléctricas propiciada pola inexistencia nos diferentes decretos e leis de regulamento do aproveitamento e na Lei de Expropiación Forzosa, de trámites ou procedementos que lles permita ás partes manifestar as causas polas que non se chega a acordos, e que lle permita á Administración evitar o trámite de expropiacións inxustificadas.

Polo tanto, os promotores eólicos poden utilizar a Lei de Expropiación Forzosa como medida de presión (a inmensa maioría dos desacordos coñecidos debéronse á negativa dalgúns promotores eólicos a aboar una renda pola cesión temporal do uso do solo, intentando impoñer unha compravenda ou a expropiación dos terreos). Nestes casos, o máis frecuente é que os propietarios vendan a baixo prezo as parcelas, xeralmente de escasa superficie, evitando a expropiación polos gastos que supoñen a folla de aprecio, os recursos xudiciais que eles mesmos puideran interpoñer e os recursos xudiciais que os promotores eólicos adoi-

O impacto das liñas de evacuación dos parques eólicos é moi superior aos dos propios parques. Os parques eólicos do Caxado e Pena da Loba ocupan 150 ha nas que pode haber árbores ata 12 m de altura, mentres que as liñas de evacuación dos mesmos ocupan 60 ha onde non pode medrar ningunha árbore.

tan presentar ao prezo xusto proposto polo Xurado de Expropiación.

Nestas circunstancias, non se conseguiron prezos de mercado homoxéneos para a cesión do uso do solo e produciuse unha situación caótica e nefasta para os propietarios do chan e para a Comunidade Autónoma de Galicia, na que os ingresos monetarios pola cesión dependeron da vontade dos xestores das empresas eólicas, véxanse algúns exemplos:

- Compravendas no ano 1997 a 0,36 €/m^2.
- Contratos de arrendamento asinados no ano 1997 a razón de 1,82 €/m^2/ano máis IPC.
- Resolución do Xurado de Expropiación no ano 2000 a 1,20 €/m^2 que foi reducida por sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no ano 2005 a 0,52 €/m^2.
- Avinzas posteriores ao levantamento de actas previas á ocupación dos terreos no ano 2004 a 2,7 €/m^2.
- Contratos de arrendamento no ano 1998 mediante a participación nos ingresos brutos que se obteñan pola venda da enerxía producida no parque eólico.
  - 1,5% anual durante os primeiros 10 anos
  - 4,0% anual a partir do décimo ano
- Contratos de arrendamento no ano 2001 a razón de 3,4 €/ano por kW instalado, máis IPC.
- Contratos de arrendamento no ano 2005 a razón de 1,2 €/ano por kW instalado, máis IPC.
- Contratos de arrendamento no ano 2009 a razón de 4,5 €/ano por kW instalado, máis IPC.

Os logros. En 2007 conseguiuse que no Decreto 242 de 25 de outubro se incluíran dúas disposicións importantes de maneira que alcanzamos a mesma capacidade de negociación que os propietarios de montes doutras comunidades autónomas como Aragón, Castilla y León, La Rioja e Castilla-La Mancha.

No artigo 18º.2 (Solicitude da declaración de utilidade pública, expropiación e servidumes) co fin de impedir que se abran expedientes de expropiación inxustificados logrouse unha medida que obriga á empresa eólica a xustificar *os motivos polos cales non foi posible chegar a acordos que eviten a expropiación*.

No artigo 9º.2.2 e 2.3 (Presentación de solicitudes) conseguiuse que aínda que con carácter voluntario para os promotores eólicos, para efectos de valoración de anteproxectos, o promotor solicitante tería vantaxes adicionais presentando compromisos de acordos cos propietarios afectados mediante arrendamentos ou outras fórmulas de participación.

A nova lei. Lamentablemente estes dous logros non se tiveron en conta no anteproxecto de Lei pola que se regula o Aproveitamento Eólico en Galicia e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, mentres contemplamos co-

mo unha parte das rendas que se pretenden recadar a través do establecemento dun canon eólico (ata 5.900 € por aeroxerador) van ir parar ás arcas dos concellos afectados polos parques e polas liñas de evacuación e do resto do canon, segundo o artigo 9 do proxecto de lei, será beneficiaria o conxunto da sociedade mediante actuacións promovidas pola Administración autonómica.

Ademais no articulado da lei non se nomea (salvo no artigo 43º relativo a expropiacións e servidumes) o solo que necesariamente será afectado polas instalacións eólicas e as liñas eléctricas de evacuación, nin se establece ningunha medida respecto aos propietarios, ás propiedades e aos dereitos afectados ante a utilización abusiva (exercida pola maioría das empresas eléctricas) dos artigos 52 (*1. Decláranse de utilidade pública as instalacións eléctricas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica, aos efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento e da imposición e exercicio da servidume de paso.*) e 54 da Lei 54/1997 de 27 novembro do Sector Eléctrico e o artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa de decembro de 1954, quedando a propiedade do solo ante a incerteza dun hipotético prezo xusto.

Despois de varias reunións cos tres grupos parlamentarios aos que se lles presentaron as observacións da AFG, na nova lei, aprobada o 21 de decembro no Parlamento de Galicia, exclusivamente cos votos do Partido Popular, soamente se tivo en conta a proposta da AFG de engadir ao parágrafo 2º do artigo 43 (Declaración de utilidade pública. Expropiacións e servidumes) a obriga de que a empresa que solicite un parque eólico presentará *unha relación concreta e individualizada dos bens e dereitos que o solicitante considere de necesaria expropiación, na que se xustificarán os motivos polos que non foi posible chegar a un acordo que a evite* •

Observacións da Asociación Forestal de Galicia

A Asociación Forestal de Galicia, enviou as súas observacións ao proxecto de lei aos grupos parlamentarios, á Comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do Parlamento de Galicia así como ao Conselleiro de Economía e Industria ao de Medio Rural e aos directores xerais de Montes e de Industria, Enerxía e Minas. Nestas observacións solicitábase o seguinte:

1º. Que se compense aos propietarios dos terreos forestais onde se instalan os parques eólicos cunha porcentaxe xusta e razoable dos beneficios que xera a industria eólica, sendo esta a forma máis directa de reversión dunha parte dos resultados desta industria alí onde máis se necesita, contribuíndo á mellora ambiental que a lei propugna e que á súa vez serviría para dinamizar outros recursos axudando á capitalización e viabilidade das explotacións forestais e agrarias.

2º. Que se recoñezan os dereitos dos propietarios dos terreos afectados pola implantación dos parques eólicos, evitando abusos por parte das empresas concesionarias e se poñan os medios precisos para facilitar os acordos de arrendamento.

3º. Que se inclúan medidas específicas para evitar trámites de expropiación forzosa das propiedades afectadas pola instalación dos parques eólicos e que se obrigue ás empresas promotoras dos parques eólicos a que antes de chegar a un proceso de expropiación forzosa indiquen motivadamente as razóns polas que non foi posible chegar a acordos cos propietarios que evitasen chegar á expropiación, neste sentido, a Consellería de Economía e Industria debería abrir un trámite de audiencia co fin de comprobar e ter en conta de maneira individualiza as razóns polas que, no seu caso non foi posible acadar os nomeados acordos.

   As empresas concesionarias deberían aportar á propiedade, sexa particular ou veciñal, alternativas á expropiación que poderían ser:

   a. Participación da propiedade no capital social das empresas xestoras dos parques, a fin de que os propietarios poidan beneficiarse do valor engadido da produción de enerxía.
   b. Arrendamentos en función da potencia instalada e dunha porcentaxe sobre a facturación da enerxía producida polos aeroxeradores.
   c. Compensacións valoradas técnica e correctamente, polas servidumes derivadas das instalacións (camiños, peches, liñas de evacuación, etc.).

4º. Que se empregue o fondo de compensación que se pretende crear entre os propietarios dos terreos lindeiros e próximos aos parques eólicos e os residentes no seu contorno inmediato.

5º. Que se inclúan entre as actuacións preferentes de investimento do Fondo de Compensación Ambiental: a mellora das infraestruturas forestais dos contornos dos parques eólicos, a construción de infraestruturas de loita contra incendios forestais, o financiamento de traballos silvícolas e melloras na xestión forestal sostible dos montes do contorno dos parques.

Cruz López González

propietaria forestal en Agolada

Cruz López González é propietaria forestal no concello de Agolada (Pontevedra). A propiedade (3,7 ha) foi herdada, está dedicada fundamentalmente á produción de piñeiro do país de 2 anos.
Ata 2006 Cruz foi a presidenta da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Trascastro, Val e Aián (Agolada).
Agolada é un concello do noreste da provincia de Pontevedra que limita coas provincias da Coruña e Lugo. O 47% da superficie municipal é forestal arborada (7.000 ha), a maior parte de montes de particulares, só existen catro comunidades de montes veciñais en man común.

– Os terreos que xestiona son herdanza familiar ¿cando se fixo cargo deles?
Máis directamente hai cinco anos cando faleceu o meu pai, pero aínda en vida súa sempre estiven ao tanto da situación dos montes familiares.
– ¿Era moi diferente a visión que tiña antes e despois de verse como propietaria?
Algo si, porque non é o mesmo encargarse directamente, foi nese momento cando plantei as últimas parcelas que estaban a matogueira. No ano 2007 a Consellería do Medio Rural concedeume unha subvención para repoboalo ao abeiro da orde de forestación de terras non agrícolas e decidín facelo con piñeiro do país e desde entonces non pasa un día que estea na aldea que non vaia ver como medran e como evoluciona a plantación.
Tamén é certo que o feito de que a herdanza estea concentrada axuda moito a motivarse, se ao mellor herdara unha multitude de parcelas pequenas e separadas entre si ao mellor non lles prestaba tanta atención. A concentración parcelaria é un gran incentivo para que os propietarios coiden o seu monte.
– Moitos dos socios da AFG quéixanse de que os seus fillos e fillas non amosan ningún interese polas propiedades forestais e temen que nun futuro as abandonen despois de tantos esforzos feitos ¿sinte vostede esa mesma preocupación ou, polo contrario ve nas súas fillas, interese polo mundo forestal?

> Se tes un terreo que é declarado de utilidade pública por calquera razón, por irracional que sexa, todo son facilidades para expropiarte na maior brevidade posible.

Na maior vexo moito interese, de feito insistiume moito en que non plantara eucalipto. A menor non quere saber nada do asunto, resulta incrible porque foron educadas nos mesmo valores, pero parece que neste caso prevalece a súa propia idea.
Canto á preocupación que nomea, creo que non hai que ter medo ao abandono dos montes por parte dos descendentes, se os pais dos que xestionamos hoxe en día as propiedades forestais nos puidesen ver, seguro que non poderían crer que non só nos fixeramos cargo da herdanza forestal senón que a seguiramos mellorando. Eu creo que moitas veces temos a sensación de que os nosos fillos non teñen o interese polo monte pero tampouco ao mellor os involucramos no tema, ou non queremos que participen nunha xestión que queremos levar nós directamente. Haberá casos moi diferentes, pero ao mellor a culpa non é tanto dos fillos coma dos pais que queren xestionar os seus montes á súa maneira, sen inxerencias.

– ¿Que especies ten plantadas nos seus montes?
Teño todo repoboado con piñeiro do país (*Pinus pinaster*) e 26 castiñeiros para a produción de castaña.

– ¿Como foi motivada a elección das especies?
A miña propiedade non ten un terreo de moi boa calidade como para plantar frondosas caducifolias, a miña filla non quería que plantara eucalipto, e no monte veciñal da aldea o piñeiro do país medra moi ben, co que, tamén aconsellada pola enxeñeira da Asociación Forestal de Galicia, decidimos plantar piñeiro do país. Despois, nun anaco de terreo que quedaba apartado da tenza principal cunha terra moito mellor plantamos uns poucos castiñeiros para ter castaña.

– ¿Cales son os seus principais contratempos coa xestión dos montes?
Ata agora ningún, tiven a sorte de conseguir unha subvención para facer a plantación de *Pinus pinaster*, xunto con cinco anos de primas de mantemento, e, de momento, non houbo dificultades nin contratempos salientables.

Na zona de Agolada é moi frecuente o peche das propiedades con valo de pedra (moi abondosa nos montes da área) coma este que atravesa a parcela de Cruz e que antes da concentración separaba dúas fincas.

– ¿Cal é para vostede a maior satisfacción no coidado dos seus montes?
Pois ver como evolucionan, ver como medra algo que se plantou pequeniño nun sitio que anteriormente só producía toxo. A satisfacción de crer que fixen algo correcto e con futuro.

– Durante varios anos vostede foi a presidenta da CMVMC de Trascastro, Val e Aián, ¿Como lembra esa época?
Lémbroa con satisfacción, tanto na miña etapa de tesoureira como despois de presidenta, excepto os tempos da negociación coa empresa concesionaria do parque eólico Faro-Farelo que lembro con horror e que foi a causa de que quixera deixar a Xunta Reitora, o resto da xestión e das relacións cos comuneiros non me dou problemas. Houbo sempre bo ambiente e sempre se chegou a acordos sen grandes dificultades. A nosa comunidade é relativamente pequena, somos 28 comuneiros que xestionamos 286 ha de monte comunal.
Nos inicios houbo problemas cunha das aldeas que pretendía que unha parte do monte lles pertencía pero unha vez que reunimos toda a información histórica que había e viron que non tiñan razón, deseguida deron marcha atrás nas súas pretensións. E tamén teño que recoñecer que aínda nos momentos máis duros da negociación coa promotora do parque eólico e incluso á hora do acordo final, ninguén me reprochou, polo menos directamente, o meu proceder, cousa que é moito de agradecer porque o meu papel non foi fácil.

A loita dos propietarios forestais no parque eólico Faro-Farelo

A preocupación de Cruz López pola defensa dos intereses dos propietarios forestais afectados por parques eólicos comezou cando no ano 2001 os veciños de Trabancas (Agolada) se enteraron de que a empresa Enerfín tiña planeado montar un parque eólico na Serra do Faro-Farelo (nos montes que serven de límite entre Lugo e Pontevedra nos concellos de Agolada, Rodeiro, Chantada e Antas de Ulla).

Os primeiros contactos de Enerfín cos propietarios dos montes da serra do Farelo fixéronse a través do topógrafo que fixera os traballos na parroquia de inventario da propiedade para a concentración parcelaria, nunca souberon como chegaran a poñerse en contacto con el. Nesta primeira etapa a empresa ofrecía un contrato de aluguer de 1.200 € por cada un dos catro aeroxeradores de 1,6 megavatios que estaban planificados no monte veciñal.

Manifestación dos propietarios afectados polo parque eólico Faro-Farelo o 27 de maio de 2001 en Rodeiro (Faro de Vigo, 28 de maio de 2001).

Nun primeiro momento os veciños recadaron información entre un técnico doutra empresa concesionaria de parques eólicos quen os informou que o prezo do aluguer era baixo para o que xa se estaba pagando noutros parques. Pasadas unhas semanas, varios membros da Asociación Ventos do Caxado propietarios forestais das Pontes, que daquela tamén estaban tratando de negociar o alugueiro para propietarios afectados polos parques eólicos do Caxado e Pena da Loba, entraron en contacto con ela e puxeron á Asemblea da comunidade en antecedentes. A Asemblea decidiu entonces loitar por acadar un prezo máis alto e xusto e doulle o seu apoio unánime á Xunta Reitora para que levaran a cabo as negociacións coa empresa. Foi Ventos do Caxado quen lles proporcionou copias de moitos contratos de aluguer que se asinaran noutros parques eólicos galegos con mellores condicións para os propietarios dos terreos, o que lles valeu de moito apoio e base á hora de negociar con Enerfín. Polo camiño os veciños de Agolada xa se puxeran en contacto cos propietarios afectados de Rodeiro e de Chantada e crearon unha asociación de afectados, xuntos loitaron por unha solución xusta que calcularan en 4.800 €, ata que os veciños de Rodeiro foron sendo convencidos por un deles que foi o escollido por Enerfín como novo mediador no conflito. Os argumentos empregados eran que xa había moitos propietarios que asinaran o contrato e que se eles non asinaban ían quedar sen nada porque a empresa cambiaría os aeroxeradores de situación.

A asociación creada visitou varias veces ao subdirector xeral de Enerxía para facerlles chegar ás súas inquedanzas e solicitar o apoio da Administración nun asunto que parecía de xustiza para todos agás para Enerfín.

O resultado da loita foi que, a pesar das promesas do por aquel entonces (ano 2001) subdirector xeral de Enerxía, a situación inicial dos aeroxeradores no monte foi modificada, de maneira que os propietarios que loitaron ata o final pola defensa das súas propiedades quedaron excluídos dos límites do parque eólico inda que padecendo a proximidade do mesmo con todos os contratempos que isto ocasiona e sen ningún tipo de compensación máis ca o tempo e os gastos ocasionados por defender unha cesión dos terreos xusta para todos os afectados sen prexudicar á empresa concesionaria.

Cruz asinou o contrato de aluguer anual da CMVMC de Trascastro, Val e Aián por 3.214 € polo único aeroxerador que finalmente se instalou no monte veciñal xa que os outros tres entraban en conflito coa concesión que a Comunidade lle fixera a unha canteira. A guerra perdérase, e despois de moitas horas de negociación na sede de Enerfín en Santiago, esta era a única saída posible, a outra opción que ofrecía a empresa era a expropiación •

Cruz López co enxeñeiro da AFG Braulio Molina vendo un ataque de *Armillaria* na plantación.

– Como vostede sabe o Parlamento de Galicia acaba de aprobar a Lei pola que se regula o Aproveitamento Eólico en Galicia e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. ¿Qué opinión lle merece a lei?

A verdade é que desde que deixei a presidencia da comunidade de montes deixei de poñerme ao día en temas relacionados coa enerxía eólica, quedei moi desgustada, cansada e decepcionada co asunto.

Polo pouco que coñezo da lei boto en falta unha referencia aos propietarios dos terreos onde se instalan os parques eólicos e as liñas de evacuación. Resulta decepcionante que despois de tantos anos segan sen ternos en conta. A verdade é que resulta incomprensible que cando se trata de declarar de utilidade pública un monte de propiedade privada a Administración non faga nada por defender ao propietario fronte á empresa interesada, que non haxa un procedemento establecido que te protexa, mentres que cando queres cortar dous ameneiros á beira dun regato calquera, ata dous organismos diferentes se encargan de vixiarte e esíxenche uns trámites que xa ganas che dan ou de non cortalos ou de facelo ilegalmente, sen embargo, se tes un terreo que é declarado de utilidade pública por calquera razón, por irracional que sexa, todo son facilidades para expropiarte na maior brevidade posible.

– Hai silvicultores que consideran que unha asociación de propietarios só ten a vantaxe de solicitar subvencións e co recorte que nos últimos anos houbo nos orzamentos das axudas para traballos silvícolas e máis coa baixa dos prezos da madeira, consideran que non vale a pena asociarse. ¿Cal considera vostede que debe ser o papel dunha asociación como a AFG?

Eu considero que a falta de subvencións non é unha razón para darse de baixa da Asociación, a non ser que o propietario se quede sen subvención por unha mala presentación da documentación por parte da AFG. Eu teño a sorte de que a miña propiedade está concentrada, pero inda que non a tivera, está claro que subvencionar parcelas pequenas non resulta de moita utilidade, nin rendible. Hoxe en día incluso a maquinaria empregada para realizar os traballos forestais ten unhas dimensións que fan inviable a mecanización dos traballos nestes predios. Considero que a concentración parcelaria é sumamente importante para a mellora dos nosos montes, non só pola concentración da propiedade en si, se non tamén pola dotación de infraestrutura viaria, no caso da miña parroquia antes da concentración o acceso ás propiedades era a través de corredoiras, non había camiños.

Canto ao papel que debe desempeñar unha asociación de propietarios considero que é a defensa dos intereses dos socios así como contar con medios e persoal precisos para resolver os problemas na xestión do monte.

O día que note falta de interese ou non me resulte de axuda na xestión do meu monte ou non haxa unha persoa adecuada para atenderme, daquela si que me daría de baixa.

– ¿Que bota en falta na Asociación Forestal de Galicia?

De momento nada, eu comecei a miña relación coa AFG cando no ano 2005 a comunidade se fixo socia, durante o tempo en que eu fun presidenta considero que nos atenderon moi ben e que me axudaron moito na xestión. De feito cando deixei de ser presidenta decidín seguir directamente vinculada facéndome socia particular e nesta outra faceta tampouco tiven queixa algunha, sempre me resolveron o que precisei •

Considero que a concentración parcelaria é sumamente importante para a mellora dos nosos montes, non só pola concentración da propiedade en si, se non tamén pola dotación de infraestrutura viaria.

Impacto de servidumbres y ocupaciones en los montes (II)

El control de la vegetación en la zona de servidumbre y en los márgenes es responsabilidad del titular de la explotación de la línea.

Julio Ruiz Cagigal
Ingeniero técnico Forestal de la AFG

Líneas eléctricas aéreas. En el anterior número de la revista *O Monte*, al hablar de las distancias de seguridad en líneas eléctricas que establecían las normas del sector, citábamos tres decretos que regulaban estas distancias. Gracias a las oportunas observaciones de un socio de la AFG, procedo a continuación a rectificar en parte lo dicho sobre normativas.

Actualmente, el Reglamento que prescribe las condiciones técnicas y las garantías de seguridad en las líneas eléctricas de alta tensión está recogido en el Real Decreto 223/2008, de 15 de febrero. Este Real Decreto deroga el Decreto 3151/1968 a partir del 19 de septiembre de 2010. El Real Decreto 223/2008 es conforme a la Ley 54/1997 de 27 de noviembre del Sector Eléctrico, ley modificada por la Ley 17/2007, de 4 de julio, para adaptarla a lo dispuesto en la Directiva comunitaria 2003/54/CE.

Según el nuevo Reglamento "en general, para las líneas aéreas con conductores desnudos, se define la zona de servidumbre de vuelo como la franja definida por la proyección sobre el suelo de los conductores extremos, considerando éstos y sus cadenas de aisladores en las condiciones más desfavorables, sin contemplar distancia alguna adicional".

Las condiciones más desfavorables son considerar los conductores y sus cadenas de aisladores en su posición de máxima desviación, sometidos a la acción de su propio peso y a una sobrecarga de viento.

Para evitar las interrupciones del servicio y los posibles incendios producidos por el contacto de ramas o troncos de árboles con los conductores de una línea eléctrica aérea, deberá establecerse, mediante la indemnización correspondiente, una zona de protección de la línea definida por la zona de servidumbre de vuelo, incrementada por una distancia de seguridad, variable en función de la tensión más elevada de la línea, a ambos lados de dicha proyección. Esta distancia de seguridad oscila entre 2 y 4,3 metros.

El control de la vegetación en la zona de servidumbre y en los márgenes, a efectos de seguridad de la propia línea eléctrica y también para evitar la generación o propagación de incendios forestales, es responsabilidad del titular de la explotación de la línea, estando obligado el propietario de los terrenos a permitir la realización de las actividades necesarias para dicho control.

Fuera de la zona de protección, todos los árboles que constituyan un peligro para la conservación de la línea deberán ser cortados. Asimismo, queda prohibida la plantación de árboles que puedan crecer hasta llegar a comprometer las distancias de seguridad reglamentarias de las líneas eléctricas aéreas.

Ríos y regatos. Como consecuencia de la geomorfología del territorio y la elevada pluviosidad, los montes gallegos están surcados por infinidad de cauces, tanto de corrientes naturales continuas como discontinuas.

Los cauces son, por regla general, de dominio público. Sólo son de dominio privado aquellos cauces por los que ocasionalmente discurren aguas pluviales, que atraviesan desde su origen únicamente fincas particulares. Esta última situación es frecuente en montes asentados en las partes altas de las sierras o elevaciones montañosas.

Las márgenes de los cauces públicos están sujetas (R.D.L. 1/2001, Texto refundido de la Ley de Aguas), en toda su extensión longitudinal a:

- Una zona de servidumbre de 5 metros de anchura para uso público.
- Una zona de policía de 100 metros de anchura en la que se condicionará el uso del suelo y las actividades que se desarrollen.

Los propietarios de las zonas de servidumbre deben solicitar autorización para plantar y cortar especies arbóreas. Así mismo, la ejecución de cualquier obra o trabajo (constructiva o que implique movimiento de tierras) en la zona de policía precisa de autorización administrativa previa del Organismo de cuenca.

En el ámbito de la ordenación urbanística (Ley 15/2004 de modificación de la Ley 9/2002, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia), los cauces públicos con su zona de servidumbre y su zona de policía deben incluirse en la categoría de Suelo Rústico de Protección de Aguas. En algunos Planes Generales de Ordenación Municipal se dan casos de montes arbolados con más superficie clasificada como suelo de protección de aguas que como suelo de protección forestal.

Las actividades forestales realizadas en la zona de policía como cortas de madera, apertura de vías de saca temporales, plantaciones o siembras de árboles, tratamientos selvícolas o tratamientos fitosanitarios, en principio requieren autorización administrativa del Organismo de cuenca. No obstante, en cauces públicos de escasa entidad que no formen parte del vaso de un embalse, las actividades forestales realizadas de forma sostenible no deben suponer un obstáculo para la corriente en régimen de avenidas y difícilmente pueden ser causa de degradación o deterioro del dominio público hidráulico.

A este respecto sería deseable contar en Galicia con una clasificación de los cursos fluviales que pueda emplearse para la ordenación y gestión de los usos forestales permitidos en la zona de policía, sin necesidad de autorización administrativa.

Los montes gallegos están surcados por infinidad de cauces que son, por regla geneeral, de dominio público.

Acueductos. Se entiende por acueducto un conducto artificial (tubería, acequia o canal) que conduce agua de un sitio a otro.

El titular de una concesión de agua tiene derecho a solicitar servidumbre forzosa de acueducto, si el aprovechamiento del recurso o su evacuación lo exigieran. Este derecho permite al titular de la concesión, hacer pasar la tubería o canalización de agua por fincas intermedias, con la obligación de indemnizar a sus dueños y a los de fincas inferiores sobre las que se filtren o caigan las aguas sobrantes procedentes de alumbramientos artificiales, escorrentías o drenajes.

Las servidumbres forzosas de acueducto se imponen por el Organismo de cuenca o por cualquier Administración del Estado mediante el oportuno expediente de expropiación forzosa.

La construcción del acueducto implica en muchos montes la corta de árboles en una franja de terreno de entre 1 y 5 metros de anchura (esta última cifra en el caso de colectores públicos, por ejemplo) y la imposibilidad de plantar nuevos árboles, como mínimo a 1,5 m desde el eje de la tubería. Las raíces de los árboles que penetren en la servidumbre podrán ser cortadas por el titular del acueducto •

O gasoduto arrasa os montes

O propietario de terreos forestais raras veces pode estar tranquilo pola integridade da súa propiedade. Os terreos forestais son a miúdo espazos cobizados para o paso de todo tipo de condutos que, ao abeiro da declaración de utilidade pública, arrasan co voo e co chan sen encomendarse máis que á lexislación que os ampara. Pero, inda que non sempre sucede, a lexislación ás veces tamén ampara os dereitos dos propietarios.

De, a e para José Manuel Pose Silvariño
Propietario forestal
In memorian

O CASO QUE AGORA se aborda é o do gasoduto Abegondo-Sabón e ramal á central de ciclo combinado de Meirama ao seu paso polos concellos de Carral e Cerceda, que no seu trazado, en vez de optar pola opción máis axeitada de afectar a dous propietarios (un deles é a mina de Limesa que por outra parte é o único cliente que ten Reganosa no ramal nomeado), optaron por un trazado que afecta a uns 60 propietarios de montes arborados cunha media de pendentes do 60%. Casualmente nos terreos da mina por onde podería discorrer o gasoduto, está previsto que se constrúa un polígono industrial, un centro deportivo, un campo de golf e un peirao deportivo, entre outras cousas, nuns terreos que no seu tempo foran expropiados para a mina e que agora serán recualificados sen que os seus anteriores donos se vexan beneficiados polo cambio.

Entre os propietarios afectados polo paso do gasoduto está un socio da AFG ao que lle ocuparon unha franxa de 18 m de terra, dos cales 16 eran a súa ocupación temporal mentres se facía á obra e outros 4 (2 m a cada lado do gasoduto) quedan afectados permanentemente.

O resultado da expropiación. As obras de instalación afectaron a montes de gran pendente onde os traballos de restitución do terreo feitos de maneira neglixente, provocaron, coa chegada do inverno, danos de erosión en zonas onde non se fixo compactación do terreo nin se tomaron medidas para a xestión da auga de escorrentía.

O resultado de todo isto, ademais de que o propietario sufre unha servidume permanente de 4 m metros, é que despois de dous anos desde o rema-

te dos traballos de construción do gasoduto preséntanse os seguintes danos:

- A superficie afectada temporalmente foi case 3.000 m² maior ca que se asinara na acta de conformidade coa restitución do terreo.
- As parcelas afectadas presentan graves signos de erosión e de perda da terra vexetal debido a unha mala compactación e nivelación do terreo, así como a unha inexistente rede de drenaxe.
- Os diques feitos para intentar frear a erosión das augas pluviais foron destruídos polas mesmas.
- Os camiños particulares existentes dentro da propiedade, quedaron impracticables.
- A área afectada non foi revexetada pola empresa responsable dos traballos de instalación do conduto que tiña a obriga recuperar o seu estado orixinario para que o propietario poida reiniciar a actividade forestal nese espazo que foi ocupado temporalmente, tal como se recolle na resolución da declaración de impacto ambiental do proxecto de construción do gasoduto.
- A revexetación feita polo propietario (ante a desidia da empresa adxudicataria) foi destruída en parte pola escorrentía e en parte pola maquinaria da empresa adxudicataria que entrou *a posteriori* na parcela para intentar arranxar os danos ocasionados pola escorrentía.

En todo este tempo foron numerosos os escritos e reclamacións feitos polo propietario ante a empresa adxudicataria (Reganosa) e a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, sen que en ningún momento se conseguise a solución a este problema que se arrastra desde hai dous anos.

Pago das expropiacións. O prezo establecido por Reganosa en 2007 na folla de aprecio foi de 2,04 €/m², prezo que foi ascendido a máis do dobre (4,30 €/m²) polo Xurado de Expropiación en 2009. En total Reganosa ten que aboar case uns seis millóns de euros polas expropiacións do gasoduto.

Polo pago desta cantidade Reganosa vai pagar un interese do 4% mentres que desde que comezou o proceso de expropiación ata agora o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) foi do 5%, (sen embargo, o recibo do gas que os afectados pagan si que foron debidamente actualizados aos prezos actuais), co que os propietarios afectados pola expropiación vense, unha vez máis, desfavorecidos na operación •

Obrigas da empresa adxudicataria da obra do gasoduto á revexetación dos terreos afectados

A obriga da empresa responsable do gasoduto a revexetar as zonas afectadas, non adoita ser coñecida polos propietarios dos terreos afectados polas obras, co que habitualmente son os propios afectados os que gastan o diñeiro en devolver os terreos afectados pola ocupación temporal ao seu estado inicial en vez de correr este gasto a conta da empresa que realiza a obra.

No caso que nos ocupa a declaración de impacto ambiental sobre a avaliación do proxecto de construción do gasoduto dicía o seguinte:

Se restaurará la cubierta vegetal existente conforme a su condición original siempre que sea compatible con la zona de servidumbre permanente del gasoducto. La revegetación se realizará, inmediatamente después de la obra, en el período de siembra y/o plantación más idóneo para cada especie. Para ello se efectuarán siembras y plantaciones con especies autóctonas similares a las existentes en cada una de las áreas afectadas. (…)

Con el fin de no modificar el patrimonio genético de la zona, se exigirá el certificado de procedencia de las semillas y de las plantas de las diferentes especies que se utilicen en la revegetación, que habrán de ser seleccionadas entre aquellas cuya distribución natural incluya el territorio afectado. (…)

En zonas que se estimen con riesgo de erosión elevada, se procederá a su reforestación con especies de crecimiento rápido.

La restauración con especies arbóreas y arbustivas se realizará en el periodo de octubre a abril y se emplearán especies semejantes a las existentes antes de las obras. En cuanto a la procedencia de las especies arbóreas a emplear, se deberá tener en cuenta lo dispuesto en la Orden del 17 de marzo de 2005 de la Consellería de Medio Ambiente de la Xunta de Galicia.

Se deberán realizar labores de escarificación en las zonas donde sea evidente la compactación del terreno por el paso de maquinaria.

Con el fin de evitar el deterioro de la capa orgánica del suelo obtenida de los desmontes y zanjas de construcción se realizarán acopios de altura inferior a 1,5 m realizando riegos de mantenimiento y efectuando una siembra de gramíneas y leguminosas si dichos acopios no son utilizados en un periodo superior a seis meses.

BOE, nº 45, mércores 22 de febreiro de 2006.

A poda

traballo fundamental para a obtención de madeira de calidade

Conseguir unha madeira de calidade depende de moitos factores que comezan cando eliximos o sitio da plantación, a especie, a planta, o método de plantación... pero, fundamentalmente, de levar a cabo un programa de podas axeitado. Podar no momento oportuno, na época axeitada, cunha ferramenta apropiada e cuns cortes ben dados é fundamental para producir boa madeira de calquera especie.

As podas deben facerse cun corte limpo, o máis próximo ao tronco pero sen danar a árbore, sen tocar o anel de cicatrización e sen deixar muñón.

Cristina Verde Figueiras
Braulio Molina Martínez

DESDE A SÚA FUNDACIÓN, a Asociación Forestal de Galicia venlle insistindo aos seus socios na importancia de realizar unha boa poda, no seu momento e de maneira axeitada, pero á vista de moitas plantacións forestais estragadas por unha poda mal feita ou sen facer, consideramos necesario incidir unha vez máis na importancia da poda como traballo fundamental para conseguir madeira de calidade.

Épocas de poda. Ata hai uns anos aceptábase como época axeitada e xeneralizada para podar os meses do inverno. Nos últimos anos a investigación constatou que non sempre esta época era a mellor, de feito, case para todas as especies forestais é moito máis axeitada unha época diferente. As podas no inverno, e nunha época húmida en xeral, teñen o risco de que os cortes quedan abertos ata que na primavera, coa subida do zume, comezan a pechar, co que se expón a árbore durante moito tempo a que pola ferida penetren todo tipo de patóxenos. Esta é a razón principal pola que se recomenda retraer a poda a épocas máis benignas.

Maneira de realizar a poda. Ao longo da quenda de produción dunha especie, hai que levar a cabo dous tipos de podas: a poda de formación nos 10 primeiros anos e a poda de calidade, que pode rematar aos 20 anos nalgunhas especies.
Os obxectivos da poda de formación son:

- Conseguir unha guía única e vertical.
- Podar as pólas máis grosas e moi vigorosas.
- No caso das frondosas, recepar as plantas mal formadas ou danadas. Non hai que temer aos recepes, feitos ao seu debido tempo no momento oportuno, son a mellor solución para conseguir substituír unha planta torta e mal formada por un fuste dereito sen nós.

Épocas de poda recomendables

Especie	Época de poda
Bidueiro (*Betula* sp.)	Entre maio e agosto
Carballo americano (*Quercus rubra*)	Finais do inverno xusto antes de que abrolle ou ben en xullo e agosto
Carballo do país (*Quercus robur*)	Entre xullo e agosto
Castiñeiro (*Castanea* sp.)	Cando comeza a abrollar, entre o 15 de marzo e o 15 de abril
Cerdeira (*Prunus* sp.)	Entre xuño e xullo
Chopo (*Populus* sp.)	Inverno, e repaso de ladróns no verán
Eucalipto (*Eucalyptus* sp.)	Preferiblemente na primavera
Freixo (*Fraxinus* sp.)	Entre xuño e agosto
Nogueira (*Juglans* sp.)	Mediados de xuño-mediados de xullo, na primavera antes de abrollar ou incluso en agosto ou setembro
Piñeiro de Oregón (*Pseudotsuga menziesii*)	Verán
Piñeiro do país (*Pinus pinaster*)	Con tempo seco nos meses de calor
Piñeiro insigne (*Pinus radiata*)	Con tempo seco nos meses de calor
Pradairo (*Acer* sp.)	Inverno, primavera ou verán
Sequoia (*Sequoia* sp.)	Verán

Os obxectivos da poda de calidade son:

- Conseguir tres ou seis metros de tronco sen nós.
- Podar pólas de 3 cm de groso como máximo.

Para isto hai que facer sempre:

- Cortes limpos a carón do fuste.
- Empregar ferramentas axeitadas.
- Desinfectar as ferramentas nos casos de máximo risco e valor da plantación.

Tan necesario é podar como non podar en demasía. Como norma xeral recoméndase que ten que estar podado 1/3 da altura da árbore. A poda excesiva ocasiona a ralentización do crecemento da árbore (ao deixala sen moita folla ten máis dificultades para alimentarse) e nalgunhas especies provoca a aparición de rebentos epicórmicos na parte do tronco podado.

Unha das claves dunha boa poda é facela no momento oportuno, en pólas que teñan menos de 3 centímetros de diámetro. Podar pólas que excedan de 5 cm de diámetro na inserción do tronco non ten moito sentido, xa que o dano que produciu na madeira xa non ten solución co que o único que se consegue é gastar cartos e esforzos sen ningún resultado positivo.

Exemplo de como non se debe podar.

A guía principal debe medrar sen competencia das outras pólas. As pólas que medran competindo coa guía principal deben ser podadas.

A PODA NEUMÁTICA DE CALIDADE

CAMPAGNOLA
PNEUMATIC & ELECTRONIC SYSTEMS

Ampla gama de tesoiras neumáticas ideais para a poda forestal a calquera altura.

Lixeiras e resistentes alargadeiras para podas en altura de ata 5 m. Corte perfecto da póla ata 4,5 cm.

Podadoras neumáticas a cadea que permiten cortar sen dificultades pólas de ata 20 cm de diámetro.

Rendementos 100% superiores a calquera outra ferramenta de poda.

DISTRIBUIDOR OFICIAL EN GALICIA

selga
Compañía Galega de Silvicultores, S.L.
Rúa do Vilar, nº 33, 1º
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 564 011
Móbil: 618 752 218
selga@selga.es

A falla de poda de formación ocasiona a perda da dominancia da guía principal dando lugar a pés gaiados.

A poda de formación consigue árbores rectas e ben formadas coa copa equilibrada.

Os pés bifurcados das frondosas que teñan o tallo leñoso xa poden ser recepados. Fuste bifurcado sen futuro madeirable.

Recepe dun ano dun pé mal formado de dous anos de idade.

Tronco sen podar, a súa madeira só serve para trituración. A día de hoxe o prezo da madeira de castiñeiro para trituración é de 24 €/tonelada.

Tronco de castiñeiro recto e libre de nós apto para o seu emprego como madeira de desenrolo ou chapa plana. A día de hoxe o prezo da madeira desta especie para chapa plana oscila segundo a peza entre 300 e 600 €/tonelada.

Situación dos montes afectados polo temporal Klaus

Monte de As Somozas onde se están retirando os pés danados polo vendaval.

Cumpriuse un ano do temporal e aínda está en curso a retirada da madeira danada nos montes que tiveron subvencións para a corta e saca ao abeiro da orde de axudas da Consellería do Medio Rural.

A INTENSIDADE e extensión dos danos rexistrados nos montes fixo que moitos propietarios forestais se interesasen por solicitar subvencións ao abeiro da orde para a recuperación das zonas forestais danadas polo temporal acaecido en Galicia o 23 e 24 de xaneiro publicada no DOGA o 15 de abril de 2009.

A tramitación das axudas. Esta orde de axudas reflectiu en gran parte os principais puntos do Acordo Forestal, asinado pola Consellería do Medio Rural cos representantes do sector forestal e da industria da madeira na reunión da Mesa da Madeira do 27 de febreiro. Sen embargo, houbo un punto esencial da orde que non se respectou no proceso de tramitación das solicitudes.

Por primeira vez e despois da insistencia da AFG nas distintas reunións da Mesa da Madeira, no artigo 3 da orde indicábase que se daría preferencia na tramitación das axudas a aqueles propietarios forestais pertencentes a algunha asociación, dada a maior facilidade e eficacia que supoñía recibir as solicitudes a través dun só xestor.

Na realidade, os expedientes resolvéronse e executáronse exclusivamente por orde de presentación das solicitudes no rexistro, incumprindo os termos da orde e prexudicando a todos os propietarios que se preocuparon de agruparse con outros afectados ou ben de tramitar a solicitude a través dunha asociación de silvicultores. Os propietarios socios da AFG estive-

Madeira de piñeiro azulada no Valadouro (Lugo). O seu prezo no mercado é moi inferior ao de madeira verde.

ron neste grupo resultando prexudicados, molestos e cansos do longo proceso de tramitación.

Para a súa desesperación, pasaron meses esperando a que se resolvesen os expedientes, vendo como outros propietarios, que non estaban entre aqueles que debían ser priorizados, foron atendidos con anterioridade.

As actas de recoñecemento previo entre os propietarios e a empresa pública Seaga empezaron a asinarse no mes de setembro; no mes de outubro empezaron a facerse os traballos de retirada en parte das fincas afectadas e a día de hoxe aínda hai unha boa parte delas nas que os traballos aínda non remataron e incluso algunhas nas que aínda non empezaron.

Os prezos da madeira. Na inmensa maioría dos casos foi o propietario do monte quen propuxo o contratista que faría o traballo de corta e saca da madeira afectada co que tamén contratou a súa venda. Os prezos pactados para eucalipto para pasta

EXPEDIENTES TRAMITADOS POLA AFG

	Número expedientes tramitados	Número propietarios forestais	Volume madeira m³
AFG	170	132	74.676
TOTAL	740	1.190	200.439
% realizado pola AFG	23%	11%	37%

Fonte: AFG e Consellería do Medio Rural.

> Esta catástrofe, a súa xestión por parte da Administración e as consecuencias de ambas as dúas para os propietarios dos montes, fixeron evidente a urxencia do establecemento dun fondo estable de garantías para catástrofes ambientais.

oscilaron entre 30 e 35 €/t con casca en cargadoiro de monte; prezo similar ao da madeira verde no mercado actual. O prezo dado para piñeiro para taboleiro variou entre 18 e 22 €/t, lixeiramente máis baixo que os prezos de mercado da madeira verde actual. Houbo madeiristas que non fixeron diferencia de prezo entre puntal e serra de piñeiro, mentres que outros chegaron a pagar un máximo de 30 €/t por madeira de serra. Estes prezos son significativamente máis baixos (50%) que os de madeira verde para serra no mercado actual. En consecuencia, as perdas para os propietarios afectados que aínda non fixeron os traballos de explotación son moi altas.

A reforestación dos montes. O día 8 de xaneiro de 2010 publicouse no DOGA unha orde de axudas para recuperar a masa forestal danada coa que se pretende sufragar en parte os gastos de reforestación dos montes afectados.

Conclusión. Esta catástrofe, a súa xestión por parte da Administración e as consecuencias de ambas as dúas para os propietarios dos montes, fixeron evidente a urxencia do establecemento dun fondo estable de garantías para catástrofes ambientais. As subvencións puntuais, como a que se xestionou, requiren moito tempo de elaboración e non son perdurables no tempo, polo que deixan á súa sorte a sostibilidade dun recurso e un mercado esenciais para o desenvolvemento de Galicia.

A este respecto, a AFG presentou o pasado mes de setembro ao conselleiro do Medio Rural, unha proposta de liña de axudas permanente para a restauración de montes afectados por catástrofes naturais. A proposta consiste na creación dunha liña de axudas xenérica que poida ser precisada de acordo coa gravidade, alcance no territorio e características das catástrofes que eventualmente se poidan producir e estaría destinada a paliar os gastos nos que incorren os propietarios forestais galegos, de montes de particulares e comunidades de montes veciñais, na restauración e rexeneración dos seus montes •

Los propietarios forestales europeos trabajan en común para disponer de medidas efectivas

contra catástrofes forestales

Las medidas existentes en la actualidad no aseguran la sostenibilidad de los bosques europeos y en muchos países de la UE los selvicultores no tienen derecho a recibir ayudas para restaurar sus bosques. CEPF, USSE y otras organizaciones están redactando unas propuestas de directrices para un mecanismo de respuesta rápida para catástrofes forestales.

La relativamente frecuente incidencia de tormentas en Suecia, Alemania y Francia últimamente y el desastre reciente en Francia y España, subraya la creciente necesidad de destacar la magnitud de las repercusiones de estas condiciones extremas para los propietarios forestales privados en Europa. Los bosques europeos también están en peligro a causa de los incendios forestales, sobre todo en el área mediterránea. Más de 100.000 ha de bosque ardieron en el sur de Italia, Grecia y los Balcanes en agosto de 2007 y los frecuentes incendios forestales destruyen miles de hectáreas cada año en España, Francia y Portugal.

El Fondo de Solidaridad Europeo (establecido en el Reglamento del Consejo nº 2012/2002 de 11 de noviembre de 2002) fue diseñado para ayudar a cualquier Estado miembro en caso de una catástrofe natural importante y tiene un presupuesto anual de mil millones de euros. Sin embargo, el Fondo de Solidaridad de la Unión Europea no puede ser aplicado a la mayor parte de las catástrofes forestales ya que a menudo no cumplen con las exigencias económicas de impacto: daños estimados superiores a 3.000 millones de euros (precios 2002), o bien que supongan más del 0,6% de la Renta Nacional Bruta; como excepción, el Fondo puede ser movilizado para desastres regionales extraordinarios con daños inferiores al tope exigido, que afecten a la mayor parte de la población, con repercusiones serias y duraderas sobre las condiciones de vida y la estabilidad económica de la región. En este contexto, se presta especial atención a las regiones remotas y aisladas, por ejemplo las islas y las regiones extremas.

Durante la reunión de la Junta Directiva del CEPF del 19 de enero de 2009, los miembros de CEPF expresaron su interés en establecer un grupo de trabajo sobre catástrofes forestales como incendios forestales, vendavales, insectos o plagas y enfermedades para coordinar la acción de propietarios privados forestales.

Se debería desarrollar la acción:

- A escala europea: la coordinación es urgentemente necesaria, no sólo en este momento, sino también para los casos futuros de daños ocasionados por tormentas u otras catástrofes forestales como incendios y plagas y enfermedades (el Fondo de Solidaridad Europeo).
- A escala nacional: la inclusión de todos los departamentos implicados: Medioambiente, Agricultura, Economía, Asuntos Exteriores e Industria.
- Seguros forestales. Los propietarios forestales están prácticamente solos cuando se enfrentan con los daños y perjuicios de vendavales. Hay pocas alternativas de seguros que cubran peligros naturales, sólo algunos casos en Escandinavia (tormenta, incendios, nieve) y en Alemania (incendios).

El grupo de trabajo estará compuesto por expertos designados por los miembros del CEPF y otras organizaciones de propietarios forestales podrían nombrar a un representante para seguir el trabajo

Transmisiones onerosas de participaciones en una SAT

Aclaraciones del Ministerio de Economía y Hacienda

A petición de varios socios de la Asociación Forestal de Galicia, se planteó al Ministerio de Economía y Hacienda una cuestión sobre la transmisión onerosa de participaciones entre socios de una Sociedad Agraria de Transformación (SAT).

EN LA CONSULTA SE SOLICITABA que se informase sobre los impuestos a los que está sujeta la transmisión onerosa de participaciones entre socios de una SAT en cuyo capital social figure un activo compuesto por más del 50% de bienes inmuebles. La aclaración de este punto resulta de gran interés para los socios de la AFG para evaluar las posibilidades de las SATs como alternativa a una Sociedad Limitada u otras sociedades relacionadas con el ámbito forestal.

La contestación del Director General de Tributos manifiesta con **efectos vinculantes** que a la transmisión de participaciones en una SAT le es aplicable la exención del Impuesto de Transmisiones Patrimoniales y del Impuesto de Actos Jurídicos Documentados, salvo si se da cualquiera de las siguientes circunstancias:

- Que el activo de la SAT esté integrado por un 50% de inmuebles situados en territorio español, siempre que el adquirente consiga con la transmisión una posición tal que le permita el control de la SAT.
- Que las participaciones que transmite el vendedor las haya recibido a cambio de aportaciones de bienes inmuebles con ocasión de la constitución o ampliación de la SAT y no hayan transcurrido tres años entre dicha aportación y la transmisión.

En estos casos, se aplicará el Impuesto de Transmisiones Patrimoniales o el Impuesto de Actos Jurídicos Documentados (según correspondiera), que actualmente en Galicia son el 7% y el 1% respectivamente.

Se observa que aunque la consulta de la AFG se refería sólo a las transmisiones entre los miembros de la SAT, la respuesta es general para cualquier persona que reúna los requisitos más arriba expuestos y que adquiera participaciones de una SAT.

La respuesta incluye una compleja argumentación en la que basa su conclusión. Para una mejor aclaración o para la consulta del texto íntegro, la persona interesada puede dirigirse a la Asociación Forestal de Galicia.

La AFG sigue atenta a los detalles de la normativa fiscal que afecta a los propietarios forestales para hacérselo saber a sus socios, y cuando considere que las disposiciones son injustamente perjudiciales para nuestro colectivo actuará, dentro de sus posibilidades, para modificarlas como ya hizo al conseguir cambiar años atrás el régimen del IRPF aplicable al monte particular •

Plantación mixta madeira-biomasa

Vista xeral da parcela de ensaio.

Francisco Dans del Valle
Enxeñeiro de Montes, director da AFG

AS TÉCNICAS DE PLANTACIÓN forestal e os tratamentos silvícolas teñen unha gran transcendencia no proceso de produción de biomasa con fins enerxéticos, proceso que non ten precedentes en Galicia porque condicionan durante moitos anos a posibilidade de aproveitar un produto a un custo asumible. É, polo tanto, esencial divulgar entre os silvicultores novas técnicas que fagan viable o aproveitamento da biomasa sen renunciar ao aproveitamento tradicional da madeira.

Por outra parte, a diminución progresiva de rendibilidade dos montes orientados á produción exclusiva de madeira para a industria tradicional esixe cada vez máis potenciar de forma complementaria novos aproveitamentos que sexan compatibles e que non requiran períodos tan longos de colleita. Os aproveitamentos da biomasa obtida en operacións silvícolas e nas cortas de madeira son sen dúbida unha alternativa sólida e de moi boa perspectiva para o monte galego.

O ensaio. A Asociación Forestal de Galicia, consciente desta situación, acaba de finalizar en decembro de 2009 a instalación dunha parcela de ensaio e demostración a escala operativa onde se van experimentar novas técnicas de silvicultura destinadas á produción de biomasa forestal primaria e madeira e onde se poderán mostrar os resultados aos silvicultores. A parcela localízase nun monte privado situado en Sobrado dos Monxes, nas estribacións da Cova da Serpe, no extremo sureste da provincia da Coruña, dentro dunha comarca que alberga grandes posibilidades para a expansión deste tipo de cultivos.

A instalación deste ensaio ten por finalidade:

- Avaliar as posibilidades dunha silvicultura-mixta para produción de madeira de calida-

de e de biomasa con fins enerxéticos. A conxunción de sostibilidade económica e biodiversidade é a condición principal na que se basea o ensaio.

- Avaliar a capacidade de produción de ambos aproveitamentos con medicións dos crecementos ou dos produtos extraídos. Ademais, observarase, dependendo da densidade de cada especie, o comportamento silvícola de convivencia entre ambas especies, a súa caracterización morfolóxica e avaliarase o grao de desenvolvemento de cada unha.
- Divulgar os resultados entre os silvicultores para que poidan modernizar e adaptar as técnicas máis acertadas nas novas masas forestais de vocación multifuncional.

A AFG é a entidade promotora desta iniciativa que contou co apoio da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia a través da *Orde do 12 de agosto de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de valorización integral e promoción da multifuncionalidade do monte*.

Características da plantación. Técnicos da AFG recompilaron información sobre experiencias deste tipo, analizaron as posibles especies xeradoras de biomasa no ámbito xeográfico da meseta central galega e definiron o esquema básico para o ensaio a realizar.

Dadas as especies máis frecuentes na meseta central galega e tendo en consideración as posibilidades potenciais de xeración de biomasa forestal primaria e a facilidade de manexo da futura plantación, determináronse como especies máis idóneas *Betula celtiberica* (bidueiro) e *Pinus radiata* (piñeiro insigne). A primeira delas, tratándoa a monte baixo e a conífera, a monte alto. As masas de piñeiro insigne son moi abundantes na comarca e a especie está moi adaptada ás características estacionais da parcela, tanto por altitude, 590 m, como polas características do solo. Por outra parte, trátase dunha especie que aporta unha gran cantidade de biomasa nas distintas operacións silvícolas que é preciso realizar ao longo da quenda para obter madeira de calidade destinada á serra.

O bidueiro é unha especie autóctona moi abundante na comarca, cunha gran capacidade de rexeneración natural e cun elevado vigor, o que posibilita un tratamento a monte baixo destinado a producir biomasa a quendas moi curtas.



Distribución das parcelas do ensaio.

A parcela de ensaio dividíuse en seis bloques ou mouteiras con parecida superficie ata alcanzar o total da parcela de 6,4 ha.

O camiño perimetral e o sendeiro interior que se construíu permitirán nas visitas apreciar as diferencias entre os distintos tratamentos programados.

Os esquemas silvícolas que se planificaron para os distintos bloques de ensaio son os seguintes:

- Bloques dedicados a cultivar unha frondosa autóctona en masa monoespecífica con distinta densidade de plantación.
- Bloques dedicados a cultivar unha conífera en masa monoespecífica con distinta densidade de plantación.
- Bloques dedicados a plantación mixta conífera+frondosa con distintas densidades de plantación.

As quendas de produción son variables desde cinco anos para as frondosas en alta densidade ata os vintecinco anos para a corta final nos bloques destinados á produción de madeira de coníferas.

A Asociación Forestal de Galicia será a responsable de rexistrar os datos dendro e dasométricos necesarios para caracterizar o crecemento e a produción de biomasa obtida e, de acordo cos resultados, fixar as quendas definitivas, establecer o réxime de cortas e de tratamentos. De todo isto a AFG levará un rexistro pormenorizado que será posto a disposición dos silvicultores e interesados que queiran coñecer a experiencia •

A situación actual da biomasa en Galicia

Actualmente en Galicia estase constituíndo un clima social e empresarial moi favorable ao desenvolvemento enerxético da biomasa. Neste artigo trátanse algúns dos aspectos máis relevantes da nova situación.

Xosé Covelo Míguez
Xerente da unidade de comercialización de madeira de Selga

O monte, reserva de enerxía de presente e futuro. O auxe das enerxías renovables, que substituirán de xeito progresivo unha gran parte do consumo de enerxías fósiles, está poñendo no centro da actualidade enerxética a biomasa forestal, e polo tanto, o potencial dos nosos montes. A biomasa forestal é unha fonte renovable de enerxía que non contribúe ao quentamento global, da que os montes galegos supoñen unha importante reserva. A valorización deste combustible levará parello a creación dunha moi necesaria dinámica económica no rural galego. Actualmente estanse creando novas empresas de aproveitamento de biomasa, de instalación de caldeiras, empresas de loxística para a distribución do combustible e novos postos de traballo no monte para o aproveitamento deste recurso. Os propietarios, xa sexan particulares ou comunidades de montes veciñais en man común, posúen a titularidade sobre o petróleo do século XXI, sen esquecer a enerxía eólica, e será o seu deber xestionar axeitadamente este recurso para que sexa ilimitado, sustentable e continuo. Polo tanto, toda a industria e mercado xerado entorno á biomasa forestal aséntase sobre a propiedade forestal, debendo este novo sector económico xestionar, decidir e lexislar de cara ao propietario e produtor do recurso.

O uso tradicional da biomasa nas industrias da madeira. A biomasa leva moitos anos empregándose na industria da madeira para a produción de enerxía tanto térmica como en coxeneración, consistente na produción conxunta de enerxía térmica e eléctrica. Estas industrias están asociadas á primeira transformación da madeira e fan uso principalmente dos seus propios residuos (serraduras, costeiros, casca...) o que chamamos biomasa forestal secundaria. Basicamente son empresas de taboleiros e plantas de fabricación de celulosa. Moitos serradoiros tamén levan anos aproveitando os seus residuos para a produción da enerxía térmica necesaria nos procesos de secado da madeira. Algúns destes serradoiros chegaron a producir briquetas e *pellets* para consumo propio ou para comercializar (Maderas Mosquera Villavidal a través da empresa Ecofogo).

Máis recentemente, as plantas de Ence están incorporando aos seus propios residuos -casca e ligninas- restos de cortas e están apostando, sobre

Industrias da madeira con consumo de biomasa en Galicia				
Planta	**Localidade**	**Provincia**	**Térmico (MW)**	**Eléctrica (MW)**
Intasa	San Sadurniño	A Coruña	33	
Tabifer	Betanzos	A Coruña	30	
Unemsa	Carballo	A Coruña	20	
Fibranor	Rábade	Lugo	36 + 32	
Tablicia	Nadela	Lugo	30	
Finsa	Santiago	A Coruña	65	
Finsa	Padrón	A Coruña	30 + 32	
Ence*	Pontevedra	Pontevedra	50	40
Orember	San Cibrao	Ourense	45	
Ecar	Mondoñedo	Lugo	20	
Ence*	Navia	Asturias	154	22 + 220

*Consumen, entre outras, biomasa forestal primaria.

todo na planta de Navia, pola xeración termoeléctrica a partir de biomasa.

As centrais de biomasa de produción termoeléctrica. A planta de Allarluz situada en Allariz é a única especificamente creada no seu día para a valorización de biomasa forestal primaria, aínda que na actualidade consume máis tipos de biomasa. Hoxe produce enerxía eléctrica a partir de residuos da industria de transformación da madeira e cada vez máis a partir de biomasa forestal primaria (en adiante BFP) (restos de corta, matogueira, restos da limpeza de estradas...). Esta planta adoece da falta de aproveitamento da enerxía térmica xerada no proceso de produción de electricidade.

Sen embargo, existe unha importante expectación pola futura construción de novas plantas de BFP, continuando o debate sobre os seus aspectos positivos (eliminación de biomasa dos montes, oportunidade de mercado para o propietario forestal, creación de empresas especializadas no aproveitamento de biomasa) e as súas sombras (dúbidas sobre a escaseza de materia prima que alimenten as plantas, emprazamentos óptimos, sobreexplotación de nutrientes dos montes...).

En todo caso, a Xunta de Galicia aínda non se pronunciou sobre as solicitudes de plantas de biomasa forestal primaria, que en febreiro de 2009 ascenderon a un total de 96 proxectos. O Decreto 149/2008 e a Orde do 14 de novembro de 2008 non indica a posible localización e o número destas plantas, pero estudos da Dirección Xeral de Montes recomendan un límite de oito plantas distribuídas en determinadas áreas xeográficas de interese: Xallas-Terra de Soneira, Terra Cha-Eume, A Fonsagrada-Meira, O Deza, Terra de Lemos-Chantada-Sarria, O Condado-Paradanta e Verín-A Limia.

O uso térmico da biomasa forestal primaria. Unha das grandes oportunidades para o monte galego nos vindeiros anos atópase no emprego da BFP como combustible para caldeiras de estelas. A importante redución da dependencia dos combustible fósiles, a redución das emisións de CO_2 e uns prezos do combustible máis competitivos, son os aspectos máis atractivos. Pouco a pouco vanse instalando caldeiras de biomasa forestal en edificios, granxas, piscinas, etc. (caldeira de estela KWB do Centro Cultural de Xinzo) con finalidade térmica, proporcionando calefacción e auga quente sanitaria. Estas caldeiras poden consumir diferente tipo de biomasa -serraduras, *pellets* e estela- e mesmo existen modelos de consumo mixto.

É no caso da estela onde os propietarios forestais poderían ter máis que dicir, xa que se se organizan e comparten loxística e medios, poderían comercializar estela de calidade para esta finalidade. Neste sentido, a Asociación Forestal de Galicia está promovendo o uso térmico da estela fomentando a implantación de caldeiras que a consuman, divulgando os beneficios do emprego da biomasa como combustible e apoiando agrupacións de propietarios forestais, caso de Enerxil no sur de Pontevedra, que valoricen esta materia prima. De non organizarse e valorizar o produto que se ten, este será aproveitado por empresas tradicionalmente de aproveitamentos forestais que xa están adquirindo maquinaria e comezando a subministrar, controlando este novo mercado -a veces minusvalorizado e esquecido por ser de carácter local-.

Segundo as esixencias das caldeiras, probablemente será necesario producir estela de calidade, e así terá que ser, pois o consumidor non vai permitir baixos rendementos enerxéticos ou que a súa caldeira se deteriore a curto prazo. Isto vai implicar estelar partes leñosas da biomasa, fundamentalmente puntal. Os restos de corta, como xa acontece, serán consumidos por plantas ou centrais de biomasa, menos esixentes nas características da estela.

En todo caso, na actualidade hai unha escasa implantación de caldeiras de estela. Comezan a aparecer distribuidores de caldeiras de diversas casas (KWB, Heizomat, Okofen, Ecoforest...) pero

existe a preocupación polo subministro da materia prima. Estas poden ter unha forte implantación en edificios sociais (piscinas, centros culturais, edificios administrativos...) que precisen de potencias superiores aos 100-150 kW. Para potencias domésticas (20-40 kW) as caldeiras de *pellets* preséntanse como unha mellor alternativa debido principalmente ao menor custo fronte á de estelas, a necesidade de infraestruturas de menor tamaño e menos custosas para o almacenamento da materia prima e a non existencia dunha loxística xeneralizada de subministro de estelas. Estase consolidando a rede de distribuidores de caldeiras de *pellets* en toda a Comunidade e o usuario xa comeza a ver o consumo de biomasa, e neste caso do *pellet*, como unha alternativa ás caldeiras de gasoil e gas. En xeral as propias comercializadoras de caldeiras subministran o *pellet*, xa proceda de fóra da Comunidade (Enerpellet, Ecoforest...) ou de *pellet* fabricado en Galicia (Ecowarm, Puertas Tren, Mosquera Villavidal...).

O aproveitamento da biomasa nos montes. Entorno ao novo mercado da biomasa forestal, están aparecendo empresas especializadas no seu aproveitamento e as tradicionais empresas madeireiras están adaptándose para poder aproveitar este recurso ao mesmo tempo que a madeira. Unha lexislación restritiva en canto ao procesado dos restos de corta para reducir a incidencia dos lumes, axudas para a adquisición de maquinaria de aproveitamento da biomasa, a obrigatoriedade de triturar os restos de corta ou acordoar, co sobrecusto que supón, a promoción e apoio institucional á biomasa e o aumento da necesidade de biomasa de Ence están favorecendo este feito. No norte de Galicia, Ence ante unhas maiores necesidades de biomasa, favoreceu a adquisición de maquinaria para o seu aproveitamento, sobre todo empacadoras, polo que está aumentando o procesado de BFP asociado a aproveitamentos de eucalipto. Mentres tanto, no sur da Comunidade, as condicións orográficas fan que prevaleza a adquisición de esteladoras ou trituradoras, tanto por empresas como por comunidades de montes veciñais en man común.

O aproveitamento de restos de corta para biomasa non está repercutindo cun ingreso económico ao propietario. Nalgúns casos puntuais págase unha pequena cantidade polo extraído, pero a maioría das empresas consideran que as marxes son moi escasas. Como moito pode repercutir no prezo da madeira xa que se evitan outros gastos como é a trituración de restos. En xeral, e de forma inexplicable e inadmisible, o sector considera que o propietario terá como beneficio unha correcta xestión da biomasa do seu monte, que ademais evitará a propagación de incendios forestais.

Os cultivos enerxéticos. Con respecto aos cultivos enerxéticos, na maioría da Península estase producindo un forte desenvolvemento que contrasta coa parálise existente en Galicia. Aparentemente as características de Galicia non son as máis idóneas para a implantación de cultivos enerxéticos rendibles, polo menos no que repecta aos actuais terreos forestais. Isto non é totalmente certo se pensamos no aproveitamento das superficies forestais máis chans existentes na Comunidade como podería ser a propia Terra Chá.

Neste sentido existe o dilema da idoneidade da implantación deste tipo de cultivos na nosa Comunidade e da súa viabilidade. En contra, os grandes custos que terían polas dificultades orográficas e o minifundio. A favor, a grande cantidade de superficie agraria e forestal que progresivamente se está abandonando e mesmo a dependencia que terán as centrais de BFP planificadas pola Xunta para que sexan proxectos viables. Tamén a elección de especies aptas para cultivo enerxético está sendo estudado, existindo alternativas leñosas interesantes –eucalipto nitens, bidueiro, salgueiro, acacias-, así como alternativas herbáceas. A AFG xa ten realizado diversos estudos neste sentido, como o proxecto ECAS que se centraba no cardo,

caña e sorgo, ou un estudo agora en marcha sobre plantacións mixtas de madeira-biomasa con *Pinus radiata* e *Betula celtiberica*.

A calidade da biomasa forestal como biocombustible: estela e *pellets*. Sen desprezar a leña como combustible forestal xa consolidado, sobre todo no rural, a biomasa forestal camiña cara a produción de estelas e *pellets* como biocombustibles. Ambos tipos de combustible teñen características propias e específicas e procedencias distintas. As estelas destinadas a uso enerxético, proceden xeralmente de restos de cortas e de tratamentos silvícolas no monte, entón chámanse biomasa forestal primaria. Son pequenos fragmentos irregulares producidos pola acción da cisalla ou coitela cando se trituran as pezas de madeira. Os *pellets* son combustibles máis elaborados, procedentes fundamentalmente de residuos (biomasa forestal secundaria) das industrias madeireiras que son triturados e convertidos en virutas, secados para diminuír o grao de humidade e as posibles resinas e, finalmente, prensados en forma de pequenos cilindros.

A calidade da biomasa forestal como biocombustible é fundamental para que se poida instalar a confianza suficiente no consumidor –doméstico, residencial e industrial– e se decante por esta opción enerxética. Na actualidade, xa existen diferentes normas europeas que regulan as características de estelas e *pellets* (diámetro, lonxitude, cinzas, poder calorífico...).

En España non existe unha normativa propia, tomándose como referente normas de países europeos onde a implantación da biomasa está moi avanzada. Para as estelas hai unha norma de carácter europeo (CEN/TS 14961) que pretende ser referencia xeral. No caso dos *pellets* as características veñen reguladas fundamentalmente pola norma alemá (DIN 51731) ou pola norma austríaca (ONORM M7135) e nalgúns casos por unha mestura destas dúas, a DIN+. Tamén a anterior norma europea fai especificacións acerca das características dos *pellets*.

De momento tampouco existe unha cotización estable da biomasa, algo desexable no futuro e que posibilitaría un mercado diáfano. Actualmente os prezos son moi variables e imprecisos. No caso da estela o rango pode variar dos 14 aos 31 €/t posta en planta, existindo factores como o tamaño ou a humidade que afectan dun xeito importante á variabilidade. En *pellets* os prezos de venda ao consumidor enmárcanse no rango dos 215 aos 300 €/t en función do tipo de consumidor -usuario final ou distribuidor-, portes, formato de distribución –sacos, *palets* ou a granel-, entre outros factores. En Galicia existen diversos produtores de *pellets* como Ecowarm en Brión, Ecofogo en Ramirás ou proximamente e empresa Biomasa Forestal en As Pontes. Hai empresas que fabrican fóra de Galicia, caso de Ecoforest, e outras moitas distribúen *pellets* dos anteriores fabricantes ou de fabricantes do resto da Península (Enerpellet do País Vasco) •

SESFOR

Estudios e Iniciativas Forestales, S.L.

Viceso, nº 4 15839 Brión (A Coruña)
Teléfono: 981 886 442
sesfor@sesfor.com _ www.sesfor.com

Planificación territorial
Planes de gestión forestal
Estudios de impacto ambiental
Cartografía y proyectos
Estudios e informes de ingeniería forestal

DESBROCES CORTIÑAS

· Servicios forestales
· Acondicionamiento de áreas recreativas

· Limpieza de fincas
· Plantación

Móvil: 629 562 522 _ 629 562 521 _ 829 562 529
Telf.: 986 346 582
S. Esteban de Budiño _ Salceda de Caselas

A AFG coa certificación forestal PEFC

O sistema de certificación forestal PEFC é un sistema polo que unha terceira parte independente certifica que o manexo dun monte se realiza de forma sostible. Dentro do sistema PEFC, hai varias modalidades de certificación: certificación individual, de grupo e rexional. Para os propietarios de montes de particulares, a AFG está promovendo a certificación PEFC rexional por ser a máis viable desde un punto de vista económico.

A AFG encárgase de facilitar o proceso da certificación forestal, elaborando a documentación técnica necesaria e facendo todos os trámites administrativos.

Algunhas das vantaxes de ter un monte certificado son as seguintes:

- Poder vender madeira certificada no mercado.
- Facilidade para o manexo do monte ao contar cun plan de xestión.
- Prioridade na solicitude de axudas públicas.

A documentación que hai que ter e os compromisos que adquiren os propietarios para certificar os seus montes son os seguintes:

- Ter un plan de xestión acorde cos criterios e indicadores da xestión forestal sostible (UNE-162002:2007) e manexar o monte de acordo co plan.
- Cumprir o propietario e facer cumprir ás empresas contratadas os códigos de boas prácticas silvícolas e de aproveitamentos forestais.
- Pagar a cota de adscrición ao PEFC.

En base a isto, a AFG elaborou o modelo de Plan simple de xestión para montes cunha superficie menor a 25 hectáreas e o modelo do informe técnico complementario para os casos nos que sexa necesario adaptar plans de xestión xa existentes.

Durante o ano 2009, a AFG preparou toda a documentación técnica e administrativa necesaria para un primeiro grupo de socios que quixeron entrar na certificación PEFC rexional e estase encargando da tramitación do proceso de adscrición. En total, unhas 1.700 hectáreas de monte terán a certificación PEFC mediante esta modalidade nos vindeiros meses.

Cara o ano 2010 as actuacións que a AFG levará a cabo, serán as que seguen:

- Divulgación e promoción da certificación forestal PEFC rexional.
- Elaboración de documentación técnica e trámites administrativos necesarios para obter a certificación forestal PEFC rexional.
- Formación dos propietarios forestais en temas de certificación forestal.

Con isto preténdese ampliar a superficie de monte certificado no 2010 en 5.000 hectáreas, entre comunidades de montes e propietarios particulares, e ter a posibilidade de pór no mercado un volume de madeira certificada acorde co que se está a demandar hoxe en día, evitando así que se teña que importar como pasa na actualidade.

Desbroces ROCHA
Miguel González

• Servicios forestales • Proyectos
• Plantación • Servicios de tractor
• Limpieza de fincas

Teléfono 986 633 788 _ Móvil 609 809 067
TABORDA _ TOMIÑO

DESBROCES CASELAS, S.L.

LIMPIEZA DE MONTES
SUBSOLADO | RAREO | PODA
PLANTACIÓN FORESTAL

Gerardo / Juan
Tel.: 986 349 145
Móvil: 649 970 053 / 649 970 052
Salceda de Caselas | Pontevedra

A Asociación Forestal de Galicia celebrou a súa XXIII asemblea xeral na Estrada

O 20 de xuño celebrouse na Estrada a XXIII Asemblea Xeral da Asociación Forestal de Galicia onde entre outros asuntos se presentou o informe económico: balance de situación e conta de resultados do exercicio 2008, o orzamento para o ano 2009 e o informe de actividades do ano 2008.

Durante a asemblea tamén se abordaron varios asuntos de gran interese para os socios entre os que destacou a situación de crise do mercado da madeira.

Despois do xantar os asistentes visitaron os montes da Cooperativa Monte Cabalar acompañados por Fuco Barreiro.

Monte Cabalar é unha cooperativa que agrupa aproximadamente 3.600 propiedades de máis de 1.000 propietarios nunha explotación gandeira en extensivo con máis de 700 ha de monte das parroquias de Somoza, Tabeirós, Nigoi, Arca e Souto co obxectivo poñer en produción unha ampla superficie minufundista e abandonada.

Asistentes á XXIII Asemblea xeral da AFG.

Programa de formación 2009

A Asociación Forestal de Galicia organizou durante a primavera e o outono de 2009 un programa formativo dirixido fundamentalmente a silvicultores e comuneiros de comunidades de montes veciñais en man común.

Este ano programáronse catro cursos de cinco horas de duración e nove de oito horas e media que se realizaron en trece localidades galegas: Cerdido, Cesuras, Carballo, Boqueixón e Arzúa na Coruña, O Valadouro, A Fonsagrada, A Pastoriza, Baralla, Bóveda e Samos en Lugo, e Barro e Ponteareas en Pontevedra.

Os temas abordados foron a sanidade forestal, a silvicultura de frondosas, os outros aproveitamentos do monte distintos da madeira e a normativa sectorial e a fiscalidade na xestión do monte.

Durante o outono tamén se levaron a cabo tres visitas formativas destinadas a coñecer *in situ* experiencias innovadoras no aproveitamento dos recursos forestais. Este ano tres grupos de participantes tiveron a ocasión de coñecer de primeira man a xestión que se está levando a cabo en dous montes veciñais do concello de Ponteareas, as experiencias no aproveitamento multifuncional do monte en Tabuyo del Monte (León) (o aproveitamento da madeira e resina, da produción micolóxica, dos froitos forestais e da biomasa forestal primaria que se emprega en varias caldeiras de auga quente tanto en edificios privados como públicos do lugar), a produción intensiva de madeira de frondosas en Boimorto e o proceso industrial do mel e un exemplo de explotación silvopastoril nun monte veciñal en Samos.

Asistentes á visita á Bosques Naturales S.L. en Boimorto.

Asistentes ao curso de sanidade forestal en Cesuras.

Emprego de madeira azulada en Canadá

Un dos edificios construídos recentemente en Canadá para albergar as probas dos Xogos Olímpicos de Inverno en Canadá é o Anel Olímpico de Richmond que foi construído cun teito de madeira afectada polo ataque do dendroctone do piñeiro ponderosa (*Dendroctonus ponderosae*). O teito de ao redor de 100x200 metros é a maior superficie construída con madeira considerada inutilizable. O obxectivo é axudar a diminuír as repercusións económicas que está ocasionando esta praga nos montes de Canadá.

Teito do Anel Olímpico de Richmond feito con madeira azulada.

No teito, que custou 16 millóns de dólares, empregáronse unhas 6.000 árbores e con el preténdense buscar novos mercados para a madeira afectada polo dendroctone que afecta aos montes da rexión da Columbia Británica.

A Columbia Británica, rexión do Este de Canadá, está desde hai uns anos sufrindo o peor ataque de escolítidos da súa historia. Esta praga que altera o ecosistema, provoca unha mortalidade xeneralizada dos bosques de piñeiro contorta, a especie máis importante nesta rexión, de maneira que en 2013 espérase que teña desaparecido o 80% das masas deste piñeiro existentes antes do ataque, constituíndo unha ameaza tamén para os piñeiros da rexión de Alberta así como para os bosques de piñeiro gris (*Pinus banksiana*) do bosque boreal nórdico de Canadá.

O dendroctone habitualmente desempeña un papel importante no ciclo de vida do monte. Ataca as árbores vellas ou débiles, acelerando así o desenvolvemento dun monte máis xove. A aparición da praga foi consecuencia dunha serie de veráns cálidos e secos e de invernos temperados dos últimos anos, condicións pouco habituais na Columbia Británica, que provocaron o espallamento deste escolítido.

Fonte: Ressources naturelles Canada et Vancouver 2010.

Lembranzas

Ás veces o trato do persoal da AFG cos socios chega a ser tan estreito que é difícil saber onde está a liña do traballo e a da amizade. Moitas horas de conversación sobre os montes, de viaxes, de cursos, de asembleas e de moitos momentos agradables pasados xuntos, fan que algúns socios se transformen tamén en amigos.

A relación, persoal, non se mantén co resto da familia e cando ocorre unha desgracia sempre nos enteramos tarde.

Nos últimos tres meses e medio deixáronnos seis socios que máis que socios eran amigos, non se coñecían entre eles pero formaban parte da familia forestal, de repente desapareceron do noso horizonte sen ter ocasión de despedilos, de choralos debidamente, de agradecerlles o que nos enriqueceron e o que nos animaron a seguir traballando por todos e con todos.

Luis Boullosa Gastañaduy, foise sen que finalmente lle dese tempo a vender os chopos que tantas veces decidira cortar e tantas outras indultara pola pena que lle daba quedar sen a súa vista, sen a súa protección no límite da parcela, morreu antes ca o castiñeiro ao pé da casa que tanta mágoa lle daba porque tiña cancro, pero inda sobrevive.

José Martínez Lestegás, marchou e deixounos sen contar moitas anécdotas dos Molina que facían morrer de risa a calquera, e as historias de Riobó e deixou orfa á Comunidade de Galdo en Viveiro, da que tantos anos foi tesoureiro. Agarimoso, cercano e detallista, sempre deixaba en nós algún coñecemento das súas experiencias no monte.

José Manuel Aneiros López, marchou unha noite quedando sen ver o futuro que a nova Xunta Rectora imaxinara para o monte da CMVMC de San Xurxo en Ferrol e que agora comezaba a facerse realidade. Él estaba sempre ao pé do canón, sen descanso, ata conseguir esclarecer cada inxustiza do monte comunal.

Herminio Rodríguez Costa, presidente da CMVMC de Xián, Furiño e outros en Mazaricos, que cando volvía das plataformas petrolíferas no Golfo de México, na India ou en calquera outro mar afastado, no pouco tempo que tiña entre os seus, arranxaba todos os asuntos pendentes da comunidade.

José Manuel Pose Silvariño, foise sen arranxar os seus litixios con Reganosa polos desperfectos causados no seu monte coa obra do gasoduto, pero deixando a súa denuncia e o seu chamamento á unión dos propietarios dos montes afectados como mellor saída para defenderse das agresións á propiedade forestal.

Antonio Otero Pérez, faleceu sen ver colmadas as súas expectativas de capitalizar a CMVMC de Cruces (Padrón) coa axuda do parque eólico e sen volver a ver o monte veciñal recuperado totalmente do incendio do ano 2006. De alegría contaxiosa, Antonio era un home do mar que acabou entregado ao monte.

Todos eles, e quizais algún máis, dos que no sabemos, seguirán sendo socios para nós e transmitirannos o ánimo de seguir traballando polo monte.

Noticias COSE

Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade

O Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade é un órgano consultivo en materia de biodiversidade e política forestal; substitúe ao antigo Consello Nacional de Bosques. Desde o pasado mes de novembro COSE é membro de pleno dereito deste Consello en representación dos propietarios forestais

Observatorio socioeconómico da silvicultura

A Confederación de Organizacións de Silvicultores de España (COSE) detectou unha falta de información xeneralizada sobre os aspectos económicos e sociais básicos relacionados coa silvicultura: Os prezos dos principais produtos forestais son manexados a escala local e non existe intercambio de información actualizada entre as distintas comunidades autónomas. Pola súa parte, as estatísticas oficiais proporcionan datos pouco actualizados, inservibles para manexarse con eficacia no comercio e mercados actuais.

Por outra parte, os modelos de silvicultura actuais e o seu funcionamento económico son escasamente coñecidos e non existen elementos homoxéneos de referencia que permitan a comparación de técnicas e custos dos modelos silvícolas máis comúns utilizados nas distintas comunidades autónomas.

Coa colaboración de todas as asociacións agrupadas en COSE creouse un observatorio socioeconómico da silvicultura, cuxos principais obxectivos son:

- Coñecemento do mercado dos produtos forestais.
- Mellora dos sistemas de comercialización dos produtos forestais.
- Contribución á transparencia dos mercados dos produtos forestais.
- Xeración de actividade económica forestal, mellora das rendas na silvicultura e aumento do desenvolvemento sostible do medio natural.
- Actualización e valoración da información socioeconómica da silvicultura nas distintas comunidades autónomas.

A creación no seo da organización COSE dun proxecto que obtivo unha axuda do Ministerio de Medio Ambiente, Rural y Marino, constitúe a primeira iniciativa colexiada dos silvicultores españois dirixida especificamente a mellorar o comercio dos produtos forestais e a atraer investimentos aos bosques.

Cursos FORESTAULA

A Confederación de Organizacións de Silvicultores de España (COSE), en colaboración coa Fundación Biodiversidad e o cofinanciamento do Fondo Social Europeo, puxo en marcha unha plataforma de modernización e capacitación dirixida a traballadores agrarios, propietarios forestais, traballadores de pemes e micropemes do sector ambiental e outros responsables da xestión do medio para fomentar o autoemprego, a creación de novas explotacións agroforestais sostibles ou mellorar as xa existentes no sector.

FORESTAULA xurdiu ante a necesidade de mellorar e profesionalizar o sector forestal mediante os seus cursos específicos, dando formación especializada e completa aos axentes do ámbito rural para optimizar tanto a xestión dos montes coma a sostibilidade dos seus produtos.

O proxecto consta tamén dun servizo de asesoramento personalizado sobre temas fiscais, xurídicos e empresariais que a través dun Gabinete de Orientación Empresarial dá a cobertura necesaria e o soporte para a creación de empresas agroforestais e demais sociedades mercantís do sector forestal.

O desenvolvemento rural depende, en gran parte, da cualificación dos traballadores que prestan os seus servizos neste medio, polo que a través destes cursos *on line* e do asesoramento personalizado optimízase a formación do sector para crear unidades de explotacións agrarias tecnicamente axeitadas e economicamente rendibles e, ademais, como consecuencia dunha boa xestión forestal, derívanse unha serie de beneficios ambientais como son a loita contra os incendios forestais, a desertización e as pragas, fixación do CO_2, a conservación do monte e aumento da súa biodiversidade, mellora da paisaxe…, en definitiva, accións todas elas que contribúen a mitigar os efectos do cambio climático.

Os cursos que se van a desenvolver en Galicia son os seguintes:

Tema	Data
Sanidade forestal e silvicultura preventiva	xaneiro e setembro 2010
Xestión da biomasa forestal como recurso enerxético	febreiro e outubro 2010
Xestión de plantacións para produción de madeira de alto valor	marzo e novembro 2010
Recursos complementarios do monte: caza e pesca, cogomelos	abril e decembro 2010
Promoción de produtos forestais: política de compras verdes, certificación forestal	xuño 2010 e febreiro 2011
Nocións do mercado da madeira	agosto 2010 e abril 2011

Todas aquelas persoas interesadas que estean en activo e non sexan funcionarias poden obter máis información sobre estes cursos nos teléfonos da oficina da AFG de Santiago 981 564 011, 981 569 140 e 618 752 214.

Noticias USSE

Reunión do directorio da USSE en Madrid

O pasado 16 de decembro celebrouse en Madrid o Directorio da Unión de Silvicultores do Sur de Europa ao que asistiron representantes das asociacións forestais de Aquitania, Portugal, Galicia, País Vasco, Navarra, Madrid, Cantabria, Castilla-La Mancha e Castilla-León.

Nesta reunión aprobouse a axenda institucional de USSE para o ano 2010, dedicada fundamentalmente a buscar camiños estratéxicos para saír da crise na que se atopa a silvicultura europea.

Xornada de difusión da silvicultura do sur de Europa en Bruxelas

A finais do mes de marzo de 2010 a USSE presentará en Bruxelas o seu *Informe anual sobre política forestal europea*. Coincidindo con este acto celebrarase a inauguración oficial da oficina de USSE en Bruxelas.

Ao acto quéreselle dar unha especial relevancia. Para isto, a USSE invitará aos eurodeputados de todas as rexións con asociacións pertencentes a USSE e ás principais autoridades forestais comunitarias. Ao mesmo tempo, USSE organizará a visita dunha ampla delegación de silvicultores de cada unha das rexións membro de USSE para fomentar o diálogo entre políticos e propietarios forestais e ter o respaldo do sector do sur de Europa nas súas principais demandas.

Comercio ilegal de madeira

Disposicións europeas sobre cortas ilegais

A corta e o comercio ilegal de madeira son factores que contribúen dunha maneira significativa, pero difícil de cuantificar, á deforestación no mundo. A madeira extraída nestas talas representa o 20% das emisións totais de carbono e é causa de perda de biodiversidade. Por outro lado, o comercio ilegal destas madeiras resta competitividade ás operacións lexítimas do sector forestal e ocasiona graves perdas aos gobernos. É ademais un factor que produce mala imaxe e que xera unha sombra de dúbida sobre o valor da madeira e dos produtos forestais como materiais sostibles.

Preocupada por esta situación, a Unión Europea lanzou no 2003 o Plan de Acción FLEGT (Forest Law Enforcement, Governance and Trade) e no 2005 o regulamento FLEGT. Trátabase de establecer acordos bilaterais entre a Unión Europea e terceiros países que permitiran garantir o bo goberno forestal e outorgar pasaportes FLEGT aos produtos forestais provenientes deses países. Ata agora pecháronse ou estanse negociando acordos cun grupo de países tales como Ghana, Camerún, República Centroafricana, Congo e Gabón.

Para evitar o traslado de operacións de comercio con madeira ilegal a outros países sen pasaporte FLEGT, a partir de 2006 comezouse a valorar a introdución de medidas comunitarias que superen o marco bilateral e voluntario. Isto plásmase na proposta da Comisión Europea de establecer un "Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as obrigas dos axentes que comercializan madeira e os seus produtos derivados". Esta proposta de regulamento non só propón un marco para a comercio de madeira entre a Unión Europea e terceiros países, senón que formula novas esixencias no control das cortas de madeira nos bosques europeos e no comercio europeo de produtos forestais. En opinión de moitos expertos, esta proposta complicaría as operacións forestais, aumentando sen xustificación os custos dos aproveitamentos forestais nos bosques europeos, incrementos que non poden ser asumidos polos propietarios forestais nin polo sector nunha situación económica de crise xeneralizada.

O traballo de USSE. As organizacións de USSE elaboraron unha posición común sobre esta materia e compartírona con delegados de diferentes gobernos, así como con outras organizacións de produtores europeos, tales como COPA-COGECA e CEPF.

Por outro lado, USSE elaborou un informe que describe a forma de control e a legalidade que ampara as cortas e o comercio da madeira no sur de Europa e que explora as posibles formas dun sistema adaptado a situación europea (sistema de dilixencia debida). Este informe permitirá traballar cos eurodeputados involucrados na proposta, así como con outros grupos de interese cando a proposta do Consello volva ao Parlamento. Intentouse trasladar ás partes interesadas que é preciso desenvolver o concepto de *risco país* de maneira que a regulamentación sexa máis estrita en países de alto risco de corta ilegal, pero que se apoie na legalidade existente en países e rexións onde o risco de corta ilegal é moi baixo.

Por isto, USSE quere apoiar sistemas de dilixencia debida, baseados na clasificación previa do *risco país*. Así, en países de alto risco os sistemas deben poñer altos estándares. En países de baixo risco, USSE apoia sistemas de dilixencia debida que se basean plenamente nos sistemas legais nacionais (e sistemas de certificación voluntarios) xa existentes. Nos países europeos a norma europea debe considerar:

- O recoñecemento completo dos sistemas de control das cortas de madeira legais nacionais existentes, con mínimas modificacións, se é necesario.
- A aplicación exclusiva de lexislación forestal.
- O recoñecemento automático dos sistemas de certificación forestal existentes, dun modo similar a como se fai coas licencias FLEGT cando existen.

Noticias USSE

Oficina da USSE en Bruxelas

Desde o mes de febreiro de 2010, USSE dispón dunha oficina permanente en Bruxelas para atender en mellores condicións os asuntos relacionados coa silvicultura no seo da Comisión Europea e para exercer de forma máis intensa a súa función de *lobby* representando os intereses dos propietarios forestais do sur de Europa.

A oficina está situada na Casa Forestal Europea, rue du Luxembourg 66, B-1000 Bruxelas, sede da Confederación Europea de Propietarios Forestais.

A cargo da oficina está unha experta en temas forestais e en relacións internacionais, Caroline Pradeau, con dedicación total que traballa baixo a coordinación directa de Inazio Martínez Arano, presidente executivo da USSE.

A oficina está a disposición das organizacións membros de USSE, prestando servizos de información sobre normativas, reunións sectoriais, traslado de consultas, preparación de informes, organización de entrevistas e eventos.

Seminario internacional sobre estratexias innovadoras en materia de incendios forestais

USSE presentou en Madrid o *Seminario sobre estratexias innovadoras en prevención de incendios* que terá lugar en maio de 2010 en Grecia.

O obxectivo é dar visibilidade á problemática dos incendios no contexto de cambio climático e cambio social, ao mesmo tempo que destacar as sinerxías da prevención coas estratexias de mobilización de biomasa e de desenvolvemento rural.

Neste seminario, propietarios forestais de diferentes rexións de Europa terán a oportunidade de presentar experiencias de éxito en materia de prevención e defensa contra incendios ante as principais autoridades comunitarias responsables desta materia.

DOGA

Recollida e transporte produtos afectados por *Fusarium*
O venres 29 de maio publicouse o Decreto 304/2009, do 14 de maio, polo que se establecen as normas de recollida, transporte e tratamento dos produtos forestais provenientes das zonas afectadas polo fungo *Gibberella circinata* Niremberg et O'Donnell, tamén coñecido como *Fusarium circinatum* Niremberg et O'Donnell.

Época de máximo perigo de incendios
O 15 de xuño publicouse a Orde do 8 de xuño de 2009 pola que se determina a época de perigo alto de incendios, na que se establecen como época de perigo alto de incendios forestais durante o ano 2009 as datas comprendidas entre o 1 de xullo e o 30 de setembro.

Ordenación sanitaria das explotacións apícolas
O 30 de xuño publicouse o Decreto 339/2009, do 11 de xuño, sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Épocas de caza
O 5 de agosto publicouse a Orde do 30 de xullo de 2009 pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2009-2010.
O 29 de decembro publicouse unha modificación a esta orde.

Parques eólicos
O 14 de agosto publicouse a Resolución do 7 de agosto de 2009 de suspensión do procedemento para outorgamento de autorizacións de instalacións de parques eólicos tramitado ao abeiro do Decreto 242/2007, do 13 de decembro.

Mel de Galicia
O 31 de agosto publicouse a Orde do 14 de agosto de 2009 pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e do seu Consello Regulador.

Enerxías renovables
O 30 de outubro publicouse a Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de enerxías renovables correspondentes ao exercicio 2009 e ao abeiro do convenio subscrito entre o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) e o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) o día 18 de maio de 2009.

Aforro e eficiencia enerxética
O 30 de outubro publicouse a Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética correspondentes ao exercicio 2009 e ao abeiro do convenio subscrito entre o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) e o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) o día 3 de xullo de 2009.

Axudas á apicultura
O 9 de decembro publicouse a Orde do 30 de novembro de 2009 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2010.

Aproveitamento eólico
O 29 de decembro publicouse a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Axudas á silvicultura
O 5 de xaneiro publicouse a Orde do 28 de decembro de 2009 pola que establecen as bases e se convocan para o ano 2010 as axudas para o fomento da silvicultura en bosques no medio rural.

Desistencia concurso parques eólicos
O 7 de xaneiro publicouse a Resolución do 30 de decembro de 2009 de desistencia dos procedementos de parques eólicos en tramitación instruídos ao abeiro da Orde do 6 de marzo de 2008.

Axudas para a recuperación dos montes afectados polo Klaus
O 8 de xaneiro publicouse a Orde do 29 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2010 as axudas á recuperación do potencial forestal.

Modelo autoliquidación canon eólico
O 14 de xaneiro publicouse a Orde do 7 de xaneiro de 2010 pola que se aproba o modelo de autoliquidación do canon eólico creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. O 9 de febreiro publicouse unha corrección de erros a esta orde.

Potestade sancionadora Consellería Medio Rural
O 22 de xaneiro publicouse a Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regulan os órganos competentes e o procedemento para a imposición de sancións en materias do medio rural.

Canon eólico
O 25 de xaneiro publicouse a Orde do 15 de xaneiro de 2010 pola que se aproba o modelo de declaración de alta, modificación e baixa do canon eólico creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Solicitudes parques eólicos
O 28 de xaneiro publicouse a Orde do 20 de xaneiro de 2010 pola que se abre o prazo para a presentación de solicitudes de outorgamento de autorización administrativa de instalación de parques eólicos para promotores titulares de plans eólicos empresariais.

Participación da AFG en actos de interese forestal

- **Xornadas internacionais da silvicultura no medio rural do sur de Europa** en El Paular, Madrid. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (5, 6 e 7 de maio).
- **Asemblea Xeral do CEPF** en El Paular, Madrid. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (6 de maio).
- **Reunión do Directorio da USSE** en El Paular, Madrid. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (6 de maio).
- **Reunión de traballo do PEFC Galicia e Entidade Solicitante PEFC** en Santiago. Asistiron Braulio Molina e Catuxa Ferro (6 de maio).
- **Reunión do grupo de traballo "Enerxías renovables en Europa"** en El Paular, Madrid. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (7 de maio).
- **Reunión da Xunta Directiva de COSE** en El Paular, Madrid. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (7 de maio).
- **Entrevista en Radio Cerna** sobre situación dos sobreirais a Francisco Fernández de Ana (7 de maio).
- **Reunión do grupo de rastrexabilidade de biomasa de COSE** (sesión por multiconferencia). Participou Francisco Dans (11 de maio).
- **Reunión co presidente de Engabiomasa** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (12 de maio).
- **Reunión co director xeral de Montes** en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (14 de maio).
- **Reunión da Xunta de Goberno AFG** en Santiago (15 de maio).
- **Mesa sectorial forestal Leader Euroeume** nas Pontes. Asistiron José Luis Corral, Francisco Dans e Enrique García (18 de maio).
- **Reunión coa CMV de Ribarteme e técnicos da Dirección xeral de Montes** en Ponteareas. Asistiron Francisco Dans de Julio Ruiz (20 de maio).
- **Xornada "A auga nas cidades: retos para unha xestión sostible"** na Coruña. Asistiu Celsa Sánchez (26 de maio).
- **Reunión de COSE sobre a lei de enerxías renovables** (sesión por multiconferencia). Participou Francisco Dans (1 de xuño).
- **Conferencia maxistral de Alberto Magistral sobre ordenación forestal** en Lugo. Asistiron Francisco Dans e Margarita López (2 de xuño).
- **Reunión do Comité Executivo da Plataforma tecnolóxica forestal galega** en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (4 de xuño).
- **Reunión co presidente de Engabiomasa** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (4 de xuño).
- **Reunión co subdirector xeral de Recursos Forestais** sobre convenio CMR-AFG e sanidade forestal en Santiago. Asistiron Francisco Dans e Xosé Covelo (5 de xuño).
- **Curso sobre sanidade forestal** en Cerdido. Impartiu o curso Francisco Fernández de Ana coa colaboración de Enrique García (5 e 6 de xuño).
- **Reunión co presidente de Promacer** en Cerdido. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Enrique García (6 de xuño).
- **Asemblea Extraordinaria da Entidade Solicitante PEFC** en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Braulio Molina (8 de xuño).
- **Encontro forestal para partes interesadas** organizado por NORFOR en Pontevedra. Asistiu Xosé Covelo (10 de xuño).
- **Entrevista coa xefa do Servizo de Planificación e Xestión do Monte** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (12 de xuño).
- **Entrevista co xefe do Servizo de Sanidade Forestal** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (12 de xuño).
- **Curso sobre normativa sectorial e fiscalidade na xestión do monte** en Barro. Impartiu o curso Daniel Rodríguez (12 de xuño).
- **Consello Forestal de Galicia** en Santiago. Asistiu Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (16 de xuño).
- **Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación Euroeume** nas Pontes. Asistiu José Luis Corral (16 de xuño).
- **Mesa redonda sobre incendios forestais** organizada por *El Faro de Vigo* en Santiago. Participou Francisco Dans (17 de xuño).
- **Reunión da Mesa sectorial forestal do programa Leader+ Eume** nas Pontes. Asistiron José Luis Corral e Francisco Dans (17 de xuño).
- **Curso sobre normativa sectorial e fiscalidade na xestión do monte** na Fonsagrada. Impartiu o curso Daniel Rodríguez coa colaboración de Margarita López (19 de xuño).
- **XXIII Asemblea Xeral Ordinaria AFG** na Estrada (20 de xuño).
- **Presentación da publicación "Fronte ó cambio climático, utiliza madeira"** organizada por ANFTA en Santiago. Asistiu Catuxa Ferro (24 de xuño).
- **Presentación da publicación** *Da forestación de Pontevedra 1927-1958* en Pontevedra. Asistiu Francisco Fernández de Ana (25 de xuño).
- **Xornada Portas Abertas Asemblea de Taboleiros** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (25 de xuño).
- **Reunión da Xunta Directiva de COSE** (sesión por multiconferencia). Participou Francisco Dans (26 de xuño).
- **Curso sobre normativa sectorial e fiscalidade na xestión do monte** na Pastoriza. Impartiu o curso Daniel Rodríguez coa colaboración de Margarita López (26 de xuño).

Participación da AFG en actos de interese forestal

- **Curso sobre sanidade forestal** no Valadouro. Impartiu o curso Francisco Fernández de Ana coa asistencia de Margarita López e Xosé Covelo (26 e 27 de xuño).
- **Curso sobre normativa sectorial e fiscalidade na xestión do monte** en Baralla. Impartiu o curso Daniel Rodríguez coa colaboración de Margarita López (27 de xuño).
- **Reunión da Xunta Xeral de Selga** en Santiago de Compostela (30 de xuño).
- **Reunión da Xunta Directiva de COSE** (sesión por multiconferencia). Participou Francisco Dans (30 de xuño).
- **Reunión da Mesa sectorial forestal Euroeume** nas Pontes. Asistiron José Luis Corral e Francisco Dans (13 de xullo).
- **Reunión da Xunta Directiva da Mancomunidade Enerxil** en Ponteareas. Asistiron Jesús Rodríguez, Daniel Rodríguez, Julio Ruiz e Braulio Molina (13 de xullo).
- **Reunión da Mesa da Madeira** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (16 de xullo).
- **Reunión co director xeral de Montes** sobre orde valorización, convenio AFG-CMR e orde medidas Klaus en Santiago. Asistiu Francisco Dans (16 de xullo).
- **Reunión da Xunta Directiva de COSE** (sesión por multiconferencia). Participou Francisco Dans (16 de xullo).
- **Asemblea Xeral de COSE** (sesión por multiconferencia). Participou Francisco Dans (24 de xullo).
- **Entrega das medallas de Galicia 2009** en Santiago. Asistiu Francisco Fernández de Ana (25 de xullo).
- **Asemblea Xeral da Plataforma Tecnolóxica Galega do Medio Ambiente** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (28 de xullo).
- **Reunión co subdirector de Montes e director de Seaga** sobre as axudas do temporal Klaus en Santiago. Asistiu Francisco Dans (29 de xullo).
- **Reunión co director xeral de Montes e a CMV de San Xurxo** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (31 de xullo).
- **VIII Xornadas de Historia e Cultura** en Porto do Son. Asistiu como relator Francisco Dans (4 de agosto).
- **Reunión con alcalde e propietarios forestais de Boqueixón**: restauración forestal do Pico Sacro en Boqueixón. Asistiu Francisco Dans (5 de agosto).
- **Reunión sobre certificación e biomasa para os montes veciñais do sur de Galicia** en Ponteareas. Asistiron Francisco Fernández de Ana, José Luis Campos, Jesús Rodríguez Álvarez, Salvador Rodríguez, Francisco Dans, Braulio Molina, Julio Ruiz e Daniel Rodríguez (3 de setembro).
- **Reunión da Xunta Directiva de Enerxil** en Ponteareas. Asistiron Francisco Fernández de Ana, Jesús Rodríguez Álvarez, Francisco Dans, Julio Ruiz e Daniel Rodríguez (3 de setembro).
- **Reunión da Mesa sectorial forestal Euroeume** nas Pontes. Asistiron José Luis Corral e Enrique García (7 de setembro).
- **Reunión co director xeral de Montes** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (8 de setembro).
- **Curso sobre outros aproveitamentos do monte distintos da madeira** en Carballo. Impartiu o curso Antonio Rigueiro coa colaboración de Celina Veiga (11 e 12 de setembro).
- **Curso sobre silvicultura de frondosas** en Boqueixón. Impartiu o curso Francisco Dans e Martín Souto coa colaboración de Catuxa Ferro (11 e 12 de setembro).
- **Xornada As oportunidades do Fondo Tecnolóxico Europeo para Galicia** en Santiago. Asistiu Francisco Fernández de Ana (16 de setembro).
- **Reunión da Xunta Directiva de COSE** (sesión por multiconferencia). Participou Francisco Dans (17 de setembro).
- **Curso sobre sanidade forestal** en Cesuras. Impartiu o curso Francisco Fernández de Ana coa colaboración de Celina Veiga (18 e 19 de setembro).
- **Visita formativa a Ponteareas**. Acompañou o grupo Julio Ruiz (19 de setembro).
- **Curso sobre silvicultura de frondosas** en Arzúa. Impartiu o curso Francisco Dans e Martín Souto coa colaboración de Cristina Verde (25 e 26 de setembro).
- **Visita formativa** a Tabuyo del Monte (León). Acompañou o grupo Julio Ruiz (26 de setembro).
- **Reunión da Xunta de Goberno AFG** en Santiago (28 de setembro).
- **Reunión da Xunta Directiva de COSE** (sesión por multiconferencia). Participou Francisco Dans (28 de setembro).
- **Entrevista co alcalde de Vilalba** sobre un proxecto de caldeira de biomasa forestal en Vilalba. Asistiu Francisco Dans (2 de outubro).
- **Curso sobre silvicultura de frondosas** en Samos. Impartiu o curso Francisco Dans e Martín Souto coa colaboración de Margarita López (2 e 3 de outubro).
- **Visita formativa AFG a Boimorto e Samos**. Acompañou o grupo Braulio Molina (3 de outubro).
- **Xornada de presentación do proxecto de aproveitamento enerxético de biomasa forestal no sur de Galicia** en Ponteareas. Asistiron Francisco Fernández de Ana, José Luis Campos, Francisco Dans, Julio Ruiz e Daniel Rodríguez (6 de outubro).
- **Xornadas PEFC: "Proposta de eco innovación–implantación da certificación forestal"** en Santiago. Asistiu Catuxa Ferro (7 de outubro).
- **Reunión do Comité Executivo da Plataforma Tecnolóxica Forestal Galega** en Santiago. Asistiu Francisco Fernández de Ana (7 de outubro).
- **Curso sobre silvicultura de frondosas** en Ponteareas. Impartiu o curso Beatriz Fernández e Julio Ruiz coa colaboración de Maripaz Boente (9 e 10 de outubro).
- **Curso sobre sanidade forestal** en Bóveda. Impartiu o curso Francisco Fernández de Ana coa colaboración de Margarita López (9 e 10 de outubro).
- **Entrevista co conselleiro do Medio Rural** en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana, Antonio Rigueiro, José Luis Campos, Celsa Sánchez e Francisco Dans (19 de outubro).
- **Reunión coa xefa do Servizo de planificación e valorización do monte** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (22 de outubro).

Participación da AFG en actos de interese forestal

- **Master en enxeñería da madeira estrutural** en Lugo. Participou Francisco Dans (23 de outubro).
- **Presentación da Plataforma Tecnolóxica Española da Biomasa BIOPLAT** en Galicia. Sinerxias coas Plataformas Tecnolóxicas Galegas: Devesa, Enerxe e Envite en Santiago. Presentaron relatorio Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (28 de outubro).
- **Reunión da Mesa da Madeira** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (30 de outubro).
- **Entrevista co xefe do Servizo de Montes de Lugo sobre proxectos de ordenación** en Lugo. Asistiu Francisco Dans (3 de novembro).
- **Asemblea da Asociación Euroeume** nas Pontes. Asistiu José Luis Corral (3 de novembro).
- **Reunión da Xunta Directiva de COSE** por multiconferencia. Participou Francisco Dans (10 de novembro).
- **Conferencia: Impactos ambientais: Os montes galegos** en Lugo. Presentou relatorio Antonio Rigueiro (16 de novembro).
- **Reunión da Xunta directiva da Mancomunidade Enerxil** en Ponteareas. Asistiron Jesús Rodríguez, Daniel Rodríguez e Julio Ruiz (16 de novembro).
- **Conferencia: Impactos ambientais: Os montes galegos** en Lugo. Presentou relatorio Francisco Fernández de Ana (23 de novembro).
- **Reunión co Grupo Parlamentario do PSdG** para presentación das observacións da AFG ao proxecto de lei pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana, José Luis Corral e Daniel Rodríguez (23 de novembro).
- **Xornada sobre a certificación forestal rexional PEFC** en Becerreá. Participou Margarita López (26 de novembro).
- **Reunión co Grupo Parlamentario do PP** para presentación das observacións da AFG ao proxecto de lei pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana, José Luis Corral e Daniel Rodríguez (27 de novembro).
- **Xornada de lanzamento da segunda convocatoria do programa Sudoe** 2001-2013 en Santander. Asistiu Julio Ruiz (2 de decembro).
- **Reunión co Grupo Parlamentario do BNG** para presentación das observacións da AFG ao proxecto de lei pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana, José Luis Corral e Daniel Rodríguez (9 de decembro).
- **Reunión técnica de COSE** (sesión por multiconferencia). Participou Francisco Dans (11 de decembro).
- **Reunión co director xeral de Montes** en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana e Francisco Dans (14 de decembro).
- **Reunión do Directorio da USSE** en Madrid. Asistiu Francisco Dans (16 de decembro).
- **Reunión da Xunta Directiva de COSE** en Madrid. Asistiu Francisco Dans (17 de decembro).
- **Reunión técnica co xerente da Asociación Euroeume** nas Pontes de García Rodríguez. Asistiron José Luis Corral Rey e Francisco Dans (21 de decembro).
- **Reunión da Mesa sectorial forestal Euroeume** nas Pontes. Asistiron José Luis Corral Rey e Francisco Dans (21 de decembro).

Cursos, congresos, seminarios e feiras forestais

10, 11 e 12 de febreiro de 2010. Albacete
II Convención sobre Cambio Climático y Sostenibilidad en España
Organiza: Coordina: Agencia Regional de la Energía de Castilla-La Mancha
Máis información: Tel. 967 550 484, Fax 967 550 485 e www.convencionccse.com

18, 19, 20 e 21 de marzo de 2010. Saint-Etienne (Francia)
Salon Bois Energie
Organiza: BEES- BioEnergie Événements et Services
Máis información: Tel. +33 384 868 930, Fax: +33 384 432 403, info@bees.biz e www.boisenergie.com

19, 20 e 21 de maio de 2010. Madrid
Genera-Feria Internacional de la Energía y Medioambiente
Organiza: IFEMA. Feria de Madrid
Máis información: Tel. 917 225 788, genera@ifema.es e www.ifema.es/ferias/genera/default.html

2, 3 e 4 de xuño de 2010. Nantes (Francia)
11º Carrefour international du bois
Organiza: Atlanbois e o Grand Port Maritime de Nantes Saint Nazaire
Máis información: Tel. 33 240 736 064, Fax: +33 240 730 301, info@timbershow.com e www.timbershow.com

24, 25 e 26 de xuño de 2010. Sergude, A Coruña
Galiforest
Organiza: Fundación Semana Verde
Máis información: Tel.: 986 577 000, Fax: 986 580 865 e info@feiragalicia.com
http://galiforest.com

27, 28 e 29 de outubro de 2010. Valladolid
Expobioenergía, Feria Internacional de Bioenergía
Organiza: Avebiom e Cesefor
Máis información: Tel. 975 239 670, Fax. 0034 975 239 677, tania.duro@expobioenergia.com
www.expobioenergia.com

Aproveitamento de biomasa forestal primaria en montes veciñais do sur de Pontevedra. Caderno divulgativo

Edita: Enerxil, Mancomunidade de produtores de biomasa forestal primaria do sur de Galicia
Coordinador: Selga, Compañía Galega de Silvicultores, S.L.
Ano: 2009

Enerxil -mancomunidade que agrupa 55 comunidades de montes do sur da provincia de Pontevedra co obxectivo principal de desenvolver o aproveitamento da biomasa forestal primaria- presenta neste caderno o proxecto piloto de extracción de biomasa forestal primaria para o seu uso enerxético do que é promotora. Este proxecto foi desenvolvido durante o ano 2009 ao abeiro dunha orde de axudas da Consellería do Medio Rural. O caderno tamén inclúe un compendio básico dos termos, maquinaria e procesos de aproveitamento enerxético do recurso biomasa forestal primaria.

De la reforestación de Pontevedra. El gran proyecto de Daniel de la Sota hecho realidad 1927-1958

Autor: Rafael López Torre
Edita: Tekla Comunicación
Ano: 2009

Esta publicación é unha crónica exhaustiva na que se documenta o labor e dedicación de Daniel de la Sota y Valdecilla en prol das repoboacións forestais nos montes pontevedreses durante a primeira metade do século XX, mentras foi presidente da Deputación de Pontevedra. A crónica comeza no ano 1927 coa plantación da primeira árbore do proxecto de reforestación pontevedrés e remata no ano 1958 coa poxa das obras de construcción da fábrica de celulosas en Lourizán.

Frente al cambio climático: utiliza madera

Edita: CEI-Bois
Ano: 2009

A Confederación Europea de Industrias Forestais (CEI-Bois), edita esta publicación coa que difunde os beneficios medioambientais que poden conseguirse cun maior uso dos produtos de madeira e derivados deles. Tamén pretende mostrar a contribución das industrias da transformación da madeira na creación de emprego e benestar en Europa.

Manual de buenas prácticas para el aprovechamiento de biomasa forestal primaria en las cortas de regeneración de pinares de *Pinus sylvestris* L. y *Pinus pinaster* Ait.

Autores: Eduardo Tolosana, Rocío Martínez Ferrari, Rubén Laina, Yolanda Ambrosio, Raquel Cuesta, Marina Martín e Manuel Venta
Edita: Cesefor
Ano: 2009

Este manual recolle os resultados duns estudos sobre aproveitamentos reais de biomasa levados a cabo en montes de Castilla y León entre os anos 2006 e 2008 e ten por obxectivo familiarizar a técnicos, empresas e propietarios co aproveitamento da biomasa forestal primaria e as súas posibilidades nas cortas de rexeneración en montes de piñeiro do país e de piñeiro silvestre.

Manual de buenas prácticas para el aprovechamiento integral de biomasa en claras sobre repoblaciones de *Pinus sylvestris* L. y *Pinus pinaster* Ait.

Autores: Eduardo Tolosana, Rocío Martínez Ferrari, Rubén Laina, David Donaire, Sergio Flores, Edgar Sánchez-Redondo, Luisa Valdés, Ana Navas e Yolanda Ambrosio
Edita: Cesefor
Ano: 2009

Estoutro manual de Cesefor, baseado nos mesmos estudos, céntrase no aproveitamento de biomasa forestal primaria procedente de rareos en repoboacións de piñeiro do país e piñeiro silvestre. Nos estudos analizáronse, entre outros aspectos, os métodos de traballo, as características dos montes estudados e os valores de rendementos e custos observados.

Valoración medioambiental, cultural y paisajística de los espacios rurales gallegos: Una perspectiva económica

Edita: Fundación Caixa Galicia
Autores: María Loureiro García e Melina Barrio Martínez
Ano: 2009

Esta obra trata sobre a problemática da paisaxe galega presentando varios casos de estudo que mostran desde as oportunidades de explotación sostibles existentes ata a importancia económica dalgunhas das ameazas máis inminentes. O obxectivo da publicación é contribuír á divulgación da riqueza paisaxística galega e axudar ao deseño de políticas de xestión sostible da mesma.

O mercado da madeira toca fondo

Xosé Covelo Míguez
Xerente da unidade de comercialización de madeira de Selga

A CRISE ECONÓMICA durante o pasado ano 2009 supuxo un grave prexuízo para o propietario, os serradoiros e en xeral para todo o sector forestal. Desgraciadamente, o máis probable é que a situación siga sendo difícil ao longo do 2010. Acabamos de pasar un ano que se caracterizou pola parálise do mesmo cerne da industria madeireira en Galicia e en xeral en toda Europa. Este foi o ano das perdas ocasionadas polo Klaus e polo excedente de madeira que lle supuxo ao mercado. Afortunadamente na actualidade esta madeira está na súa maioría cortada e procesada. Outra característica do 2009 foi a importante perda adquisitiva do propietario forestal con respecto ás vendas de madeira. Nalgúns casos ata se chegaron a ofrecer prezos por tonelada que apenas chegaban aos 5 €/t. A peor parte levouna a madeira de maiores dimensións de piñeiro, ou sexa, a que tradicionalmente posúe maior valor no mercado.

Os serradoiros pecharon, outros adquiriron débedas millonarias e os propietarios forestais atopáronse con reducións nos prezos de ata o 50% respecto ao ano anterior. Probablemente os bancos non axudaron moito a mellorar a situación, pois reduciron as liñas de crédito aos empresarios da madeira, o que levou en moitos casos a parar o serradoiro e a minimizar as compras, polo que o propietario forestal non tiña saídas viables para o seu produto. A industria do taboleiro tamén sufriu o seu, con baixadas importantes de produción que en moitos casos levaron a reducións nas plantillas. O eucalipto para pasta veuse afectado cunha importante baixada dos prezos de máis de 10 €/t, reducíndose as compras e centrándose as industrias no consumo do almacenado. Algunhas empresas seguiron adquirindo madeira pero na maioría dos casos eran lotes procedentes do Klaus ou



madeira de poxas da Administración cunha baixa importante no prezo.

Os propietarios. Toda esta situación tivo e ten unha cara máis humana que moitas veces queda esquecida detrás das estatísticas. Para moitos propietarios particulares o monte suponlle unha fonte de ingresos extra en tempos difíciles, o que supuxo unha situación desacougante para moitas persoas que se viron na necesidade de vender a súa madeira. Por outra parte, moitas comunidades de montes veciñais en man común teñen persoal contratado, o que levou a que cara finais de ano aumentasen as vendas de lotes de madeira para poder manter a nómina de todo este persoal. Aínda que apenas se denuncie ou se mencione nos medios de comunicación, os propietarios, os asalariados e as empresas sofren a crise do mesmo xeito que moitas empresas multinacionais e multisubvencionadas doutros sectores económicos.

Moitos propietarios víronse decepcionados co tratamento público dado ao sector forestal, nestes tempos de crise. Déronse paradoxos inconcibibles como é o cobro de taxas por aproveitamentos madeireiros de toda índole, decisión que seguro que non supón un aliciente para dinamizar a economía do sector. Para resumir, non se viu un apoio decidido como demandamos á Xunta de Galicia.

En todo caso, e sendo positivos, a busca de alternativas como a biomasa, poden debuxar un futuro cunha opción máis de mercado que permita canalizar o excedente de materia prima existente. Comunidades de montes están apostando por estudar a saída comercial de estela e restos de corta, apostando firmemente polas enerxías renovables a través da biomasa e poder establecer unha rede de puntos de abasto e subministro que nun futuro non moi afastado permita proporcionar materia prima para caldeiras de biomasa de toda índole e potencias.

As espectativas. Ao longo do presente ano 2010 esperamos que se produza unha melloría nas vendas de madeira de puntal de piñeiro, que en efecto xa se está manifestando. Actualmente os rareos proporcionan unha fonte de ingresos a moitos propietarios forestais permitíndolles manter a xestión mínima necesaria para o seu monte. A curto prazo deberíase producir un leve repunte no prezo do eucalipto para pasta, baseándose na redución da materia prima almacenada e ao lixeiro aumento no prezo da pasta que xa se está producindo.

Respecto á madeira para serra de piñeiro aumentarán lixeiramente as compras pero os prezos seguirán baixos durante bastante tempo, ao redor de 45-50 €/t posta en fábrica. Noutros casos, como pode ser a madeira para serra de frondosas de calidade ou madeira para chapa plana en xeral, a situación parece ser pouco prometedora e bastante incerta.

A madeira de alto valor é a que peor parte está levando nesta situación de crise e tense constancia da parada e peche de liñas de produción destes produtos. Algunhas industrias e empresas están traballando en produtos substitutivos de elaborados con madeiras de crecemento lento. Por exemplo, estase avanzando e medrando na tecnoloxía de tinguido de especies como o chopo ou semellantes, que permiten elaborar chapa que emula a madeiras máis caras como carballo, nogueira, etc •

Precios orientativos de la madera gallega

enero 2010

MADERA DE SIERRA

PRECIOS EN CARGADERO DE CAMIÓN (€/m³)	
PINO GALLEGO y PINO RADIATA	
Precios de la rolla según calidad y diámetro en punta delgada. Calidad normal: rolla derecha, verde, sin azular.	
ø 14 a 19 cm	26-31 €/m³ c/c
ø 20 a 29 cm	30-33 €/m³ c/c
ø superior a 30 cm	33-46 €/m³ c/c
EUCALIPTO	
ø superior a 35 cm	38-43 €/m³ c/c
CASTAÑO	
Sierra (según usos)	85-185 €/m³ c/c
Chapa	-

PRECIOS EN PARQUE DE FÁBRICA (€/m³)	
PINO GALLEGO y PINO RADIATA	
Precios de la rolla según calidad y diámetro en punta delgada. Calidad normal: rolla derecha, verde, sin azular.	
ø 14 a 19 cm	32-37 €/m³ c/c
ø 20 a 29 cm	39-42 €/m³ c/c
ø superior a 30 cm	42-52 €/m³ c/c
EUCALIPTO	
ø superior a 35 cm	46-53 €/m³ c/c
ROBLE	
Sierra (según usos)	50-95 €/m³ c/c
Leña	36-39 €/m³ c/c

MADERA PARA ASTILLAR

PRECIOS EN CARGADERO DE CAMIÓN (€/m³)	
PINO GALLEGO y PINO RADIATA	
Precios de la madera de cualquier calidad, incluyendo raberones, piezas torcidas o secas, ramas, etc.	
Destino tablero	23-28 €/m³ c/c
EUCALIPTO	
Destino pasta para papel	38-40 €/m³ c/c 43-53 €/m³ s/c
Destino tablero (> 8 cm)	27-35 €/m³ c/c
Destino tablero (< 8 cm)	18-20 €/m³ c/c

PRECIOS EN PARQUE DE FÁBRICA (€/m³)	
PINO GALLEGO y PINO RADIATA	
Precios de la madera de cualquier calidad, incluyendo raberones, piezas torcidas o secas, ramas, etc.	
Destino tablero	32-37 €/m³ c/c
EUCALIPTO	
Destino pasta para papel	45-47 €/m³ c/c 50-60 €/m³ s/c
Destino tablero (> 8 cm)	36-42 €/m³ c/c
Destino tablero (< 8 cm)	26-28 €/m³ c/c

MADERA DE DESENROLLO O CHAPA

PRECIOS EN CARGADERO DE CAMIÓN (€/m³)	
PINO GALLEGO	
Precios de la rolla limpia de nudos, derecha, sin azular y con diámetros en punta delgada > 35 cm para desenrollo y > 55 cm para chapa plana	
Desenrollo	68 €/m³ c/c
Chapa plana	110 €/m³ c/c
EUCALIPTO	
Desenrollo	44 €/m³ c/c
Chapa plana	77 €/m³ c/c

PRECIOS EN PARQUE DE FÁBRICA (€/m³)	
PINO GALLEGO	
Precios de la rolla limpia de nudos, derecha, sin azular y con diámetros en punta delgada > 35 cm para desenrollo y > 55 cm para chapa plana	
Desenrollo	77 €/m³ c/c
Chapa plana	120 €/m³ c/c
EUCALIPTO	
Desenrollo	54 €/m³ c/c
Chapa plana	87 €/m³ c/c

ø diámetro	c/c con corteza	s/c sin corteza

Estos precios tienen un fin exclusivamente orientativo para el productor de madera y han sido proporcionados por selvicultores e industrias de la madera de las cuatro provincias gallegas. Los márgenes de precios que se indican obedecen al precio mínimo y máximo de cada producto que ha sido facilitado. Desde aquí nuestro agradecimiento a todas las personas y las empresas que han colaborado.

(En la utilización de estos datos se ruega mencionar la fuente de información)

Para mayor información pueden dirigirse a las oficinas de la AFG

Galiforest

I Monográfico Forestal Internacional para o Sur de Europa

24 - 26 de xuño de 2010

Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude
Boqueixón - Santiago de Compostela

- ***Un certame profesional***
- ***Celebrado no monte, a mellor ubicación posible***
- ***Con demostracións en vivo***
- ***Bienal e con vocación internacional***

www.galiforest.com

ORGANIZA: Feira Internacional de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA • E-36540 SILLEDA • Pontevedra • Tlfn. +34 986 577000 • Fax. +34 986 580865 • galiforest@feiragalicia.com